

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de decembro de 2007

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTE:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezasete de decembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local accta., Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2195).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de outubro de 2007 e a extraordinaria e urxente do 23 de outubro de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(2196).- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS E MODALIDADE EXCEPCIONAL DAS AMES (AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR). EXPTE. 27183/301.

Examinadas as actuacións do expediente, o informe-proposta da Traballadora Social responsable do programa, do 11.12.07, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e o intervido e conforme do Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

1. RECLAMACIONES

- a) ESTIMAR AS RECLAMACIONES DAS AXUDAS DE LIBROS e material escolar de Educación Infantil (2^a Etapa) –Curso 2007/08- que se achegan no listado adxunto (Anexo I-A), ase como a

cuantía de 62,00€ /alumno. As solicitudes das Reclamacións de libros fóron presentadas ata o día 22 de Setembro no Rexistro Xeral correspondendo a 14 alumnos/as e 13 (país, nais ou titores) que se achegan no listado adxunto (Anexo I-A) que comenza por Silveiro Gómez, Sara do colexio Moledo-Sárdoma e finaliza con Troncoso Álvarez, Xiana do colexio Monterrey.

As Reclamacións das Axudas de libros estimadas por un importe de 868,00€ serán aboadas con cargo ao RC 200700024249.

- b) ESTIMAR AS RECLAMACIONES DAS AXUDAS DE COMEDOR para o Curso 2007/08 acheganse no listado adxunto (Anexo I-B), que comencan polo alumno/a Jiménez Jiménez, Mireia do colexio Atalaya-Cantabria e finaliza por Rodríguez Rodríguez, Yaiza do colexio Mariano. A reclamación de Rodríguez Villar, M^a Luisa, a pesar de ser estimada, pasará a formar parte da Lista de Espera 4,5 puntos, por non obter a puntuación suficiente para a súa concesión (XGL do 20 de Agosto do 2007).
As reclamacións de comedor estimadas terán efecto dende o 12 de Setembro do 2007 ata Xunio do 2008, existindo consignación presupuestaria con cargo ao RC 200700024251 , RCC 200700065928 e RCFUT1 200700024253, para as Axudas de comedor por un importe de 1.296,00€/mes.
- c) DESESTIMAR AS RECLAMACIONES DE LIBROS E COMEDOR, que se achegan no listado adxunto(Anexo I-C), que comenza por Barcia Bernárdez, Alejandra e remata por Vietez Alonso, Elena. Por seguir incumplindo algúns dos requisitos da cláusula sexta da convocatoria.

Estas 37 solicitudes fóron presentadas no Rexistro Xeral ata o día 15 de Outubro, os motivos da desestimación figuran tamén no Anexo I-C.

2.MODALIDADE EXCEPCIONAL

- a) APROBAR AS AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR, ase como a cantidade de 62,00€/alumno correspondentes a -Modalidade Excepcional-(segundo a cláusula décimo quinta das bases aprobadas na XGL do 30 de Abril do 2007) presentadas no Rexistro Xeral ata o día 3 de Decembro que se achegan no listado adxunto (Anexo II-A), que comenza co alumno/a Borja Arriba Silva, Pedro no colexio Atalaya-Cantabria e remata con Restrepo Hernández, Laura no colexio Virgen del Rocío. Presentáronse 11 solicitudes de país, nais ou titores que corresponden a 13 alumnos/as matriculados en Educación Infantil (2^a Etapa).
O importe total das Axudas de libros na súa modalidade excepcional aprobadas, ascende a 744,00€, que se satisfarán con cargo ó RC 200700024249.
- b) APROBAR A LISTA DE ESPERA DAS AXUDAS MUNICIPAIS DE COMEDOR, que corresponde a 41 (país, nais ou titores) e 61 alumnos/as que se achega no listado adxunto(Anexo III-A), que comenza alumno/a Borja Arriba Silva, M Lourdes no colexio Sta Tegra e remata por Tsvetkova, Nikolina no colexio Celso E. Ferreiro.
Os alumnos/as que se atopan en Lista de Espera de comedor para o curso 2007/08-Modalidade Excepcional-, unha vez aprobado pola XGL pasarán a formar parte da Lista de Espera única das Axudas Municipais Escolares de comedor para o curso 2007/08 e serán adxudicadas o longo do curso sempre e cando acaden a puntuación exisida e exista consignación presupuestaria. Sendo o importe total das Axudas en Lista de Espera 2.281,00€/mes.
- c) APROBAR A AXUDA MUNICIPAL ESCOLAR DE COMEDOR – Modalidade Excepcional- que se adxunta no Anexo III-B , e corresponde a Gervasio Rabecini, Carlos Leonardo no colexio Celso E. Ferreriro, sendo a cuantía da mesma 41,00€/mes e tendo efecto dende ó 12 de Setembro do 2007 ata Xunio do 2008, existindo consignación presupuestaria con cargo ao RC 200700024251 , RCC 200700065928 e RCFUT1 200700024253

- d) DENEGAR AS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE COMEDOR- Modalidade Excepcional- por incumplir algúns dos requisitos estipulados na cláusula sexta das bases da convocatoria(XGL 30 de abril do 2007),que se achegan no listado adxunto(Anexo III-C), que comenza polo alumno/a Lorenzo Rodriguez, Carla Manuela no colexio Pintor Laxeiro e remata en Guimerans Díaz, Eloy no colexio Possumus.

Estas solicitudes fóron presentadas no Rexistro Xeral ata o día 3 de Decembro , e corresponden a 5 alumnos/as e 4 (pais, nais ou titores).

3. MODALIDADE ORDINARIA

DENEGAR AS AXUDAS DE COMEDOR que se achegan no listado adxunto(Anexo IV), que comenza por Benítez Ocampo, Angy Stéfany do colexio Padre Miguez(Calasancias) e remata en Fernández Garea, Gabriel do colexio Amor de Dios, por non existir un motivo de excepcionalidade para presenta a axuda fóra do prazo ordinario(do 7 ó 14 de maio) marcado nas bases da convocatoria, según acordo da XGL do 30 de abril do 2007.

Ata o día 3 de decembro forón presentadas no rexistro Xeral 5 solicitudes(país, nais ou titores) que corresponden a 7 alumnos/as.

Non habendo máis extremos que tratar, levántase a sesión sendo as 13,00 horas do día 4 de decembro do ano dous mil sete.

3(2197).- PRESTACIÓN DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 23/1626.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informe da traballadora social responsable do Programa de Servizo de Axuda no Fogar, de data 10-12-07, conformado pola concelleira-delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a dona Guillermina Domínguez Vicente, Expte. 23/1626.

4(2198).- PROXECTO DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “PALENCIA”. EXPTE. 27165/301.

Examinadas as actuacións do expediente, o informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 4.12.07, conformado polo xefe do sector de Acción Social e o intervido e conforme do Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o proxecto de convenio de cooperación entre a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para a finalización das obras de construción de escola infantil 0-3 municipal “Palencia”.

Autorizar o gasto de 15.506,17 € con cargo á partida 4220-622 00 00 –Construcción EIM rúa Palencia”

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL 0-3 MUNICIPAL “PALENCIA” INTEGRADA NA REDE GALEGA DE ESCOLAS INFANTÍS 0-3 (GALESCOLA).

En Santiago de Compostela, de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona María do Carme Adán Villamarín, secretaria xeral da Igualdade, nomeada por Decreto 359/2005, do 18 de agosto, en representación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, de conformidade co disposto no Decreto 517/2005, de 6 de outubro, modificado polo Decreto 47/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e ao abeiro da Orde de 16 de novembro de 2007 sobre delegacións de competencias no secretario xeral e noutros órganos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

E doutra:

Don Abel Ramón Caballero Álvarez, actuando en representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Comunidade Autónoma de Galicia, ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais decretos de transferencia 2411/1982, de 24 de xullo e 534/1984, de 25 de xaneiro.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, inclúe no seu artigo 5.3 como unha das áreas de actuación, a familia, infancia e mocidade, e a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e da adolescencia, no seu artigo 12 "Actuacións preventivas e asistenciais", expón que a Xunta de Galicia en colaboración coas corporacións locais e cos axentes sociais, garantirá a creación de servizos de atención á infancia e á adolescencia como recursos que contribúen ao desenvolvemento integral dos nenos e das nenas e ao logro dunha maior autonomía familiar.

Por outra banda, de conformidade co Decreto 517/2005, do 6 de outubro, modificado polo Decreto 47/2007, do 15 de marzo polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, correspóndelle a este departamento da Xunta de Galicia o exercizo das competencias e funcións en materia de políticas autonómicas de igualdade e xénero e as políticas de benestar, xa que logo as áreas sociais de familia, infancia e mocidade inclusive.

SEGUNDO.- Aos concellos lles corresponde, de conformidade co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e no artigo 21 da Lei 4/1993, de servizos sociais, as competencias e por tanto iniciativa propia no eido dos servizos sociais dentro do seu territorio.

Así mesmo, segundo o disposto no artigo 198 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo a través dos mesmos coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Neste senso a creación da rede de Galescolas precisa do impulso conxunto das dúas administracións públicas que nun marco previo de planificación cooperan na extensión deste servizo socio-educativo especializado. En efecto, tanto a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais como a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, a infancia e a adolescencia encargan aos poderes públicos e en concreto a Xunta de Galicia, por si ou en colaboración coas corporacións locais actuacións preventivas e asistenciais, entre elas garantir a creación de escolas infantís como recursos que contribúen ao desenvolvemento integral dos nenos e as nenas, para o que a Xunta de Galicia desenvolverá un plan de dotación de recursos no que se coordinen as actuacións das diferentes administracións públicas.

O carácter singular do instrumento do convenio sen convocatoria pública xustifícase no presente caso na exclusión da concorrència pois o ámbito territorial de competencia impide a concorrència doutras entidades públicas na creación deste equipamento municipal. Así mesmo a necesidade urxente da posta en marcha do centro fai necesario recorrer a este tipo de instrumento de colaboración posto que a convocatoria dun procedemento de concorrència público non sería posible nesta anualidade.

TERCEIRO: A extensión e mellora na calidade das escolas infantís 0-3 constitúe un elemento estratéxico para a sociedade galega no seu conxunto, na medida en que incide dun xeito directo nos dereitos, por unha banda, dos nenos e nenas a un adecuado desenvolvemento e atención socioeducativa, así como á igualdade de oportunidades; e por outra, das familias e dos pais e nais, a contar cun recurso que favoreza o principio de corresponsabilidade e á conciliación da súa vidas persoal, laboral e familiar.

As partes conveñen, que para acadar estes obxectivos resulta imprescindible un modelo cooperativo entre administracións, que permita abordar e dar respostas ao proceso dinámico de transformación da sociedade galega que existe dos poderes públicos unha resposta eficaz na dotación de instalacións e recursos, materiais e humano, adecuados para promover, consolidar e desenvolver novas medidas para a atención e educación da primeira infancia, e para favorecer a corresponsabilidade e a igualdade de oportunidades.

Neste contexto de cambio cara unha xestión máis eficaz dos centros a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar vai facer posible a xestión integral das escolas infantís 0-3 e a definición dun marco adecuado para a atención, educación e formación da primeira infancia e da prestación de servizos as familias galegas.

O Concello asinante ten adoptado, mediante acordo plenario de data 28 de decembro de 2006, a súa integración no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

CUARTO.- Que no Proxecto do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) de Galicia 2007-2013, atenderase nunha das súas prioridades e obxectivos a promover a conciliación da vida laboral e familiar mediante o fomento e apoio á creación de infraestruturas para os nenos/as entre 0 e 3 anos tanto as de carácter público, como as de carácter empresarial.

Concretamente o Eixo 6 (infraestruturas sociais) ten como principal actuación a dotación de infraestruturas educativas, concretamente a construción e adaptación funcional dos centros educativos de ensinanza non universitaria e o seu equipamento.

Que con base legal na normativa citada, o Concello de Vigo (Pontevedra), considera necesario realizar obras finalizar a construción da escola infantil 0-3 municipal "Palencia".

QUINTO.- O orzamento para a finalización das obras de construción da escola infantil 0-3 "Palencia" é de 77.530,87 €.

SEXTO.- Sendo concorrente o interese das dúas Administracións, resulta axeitado colaborar conxuntamente para finalización das obras de construción da escola infantil 0-3 municipal "Palencia", polo que as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Vigo para o financiamento da finalización das obras de construción da escola infantil 0-3 municipal "Palencia".

SEGUNDA.-

Para a finalización das obras de construción do centro, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar contribuirá cunha achega económica correspondente ó 80% do orzamento total e por un importe de sesenta e dous mil vinte e catro euros con setenta céntimos (62.024,70 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.20.312B.760.0 correspondente ao exercizo orzamentario 2007.

As desviacións ao alza do orzamento inicial correrán a cargo do Concello, quedando a achega da Vicepresidencia limitada pola contía establecida.

Estas actividades encádranse no Proxecto do Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) de Galicia 2007-2013, no Eixo 6.

TERCEIRA.-

Para o cumprimento do obxecto do convenio o Concello asume as obrigas económicas del derivadas, que se concretan na achega con cargo os seus orzamentos dun 20% do orzamento aprobado pola corporación local para a finalización das obras de construción da escola infantil 0-3 "Palencia", investimento que ascende a quince mil cincocentos seis euros con dezasete céntimos (15.506,17 €).

CUARTA.-

1. O Concello deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que son, entre outras, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou, se é o caso, a entidade colaboradora, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercizo das actuacións anteriores.

b) Comunicar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) O concello deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

2. Así mesmo, o Concello deberá dar cumprimento ao disposto na normativa relativa á contratación administrativa.

3. O Concello debera incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información das actuacións obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Xunta de Galicia), ambas as denominacións cos seus respectivos logotipos, segundo o establecido nos "Regulamentos (CE) nº1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) no 1783/1999 e nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999.

QUINTA.-

O Concello comprométese a garantir a adecuación da escola infantil 0-3 ás finalidades e obxectivos establecidos na normativa vixente, en concreto, ao disposto nos Decretos 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e dos centros de servizos sociais, e o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, ou normativa que os substitúa.

A nova escola infantil 0-3 incluírase na Rede Galega de Escolas Infantís (GALESCOLA) e participará dos plans e proxectos de mellora da calidade que se desenvolvan.

O Concello comprométese a tramitar, no seu momento, a integración do centro no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

SEXTA.-

En todo caso a realización dos gastos no marco do presente convenio axustarase ás normas sobre elixibilidade aplicables ás axudas financiadas con fondos comunitarios e en particular ao disposto nos Regulamentos (CE)

nº1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) no 1783/1999 e nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999.

SÉTIMA.-

Os pagamentos efectuaranse ao Concello previa xustificación do investimento realizado, contra facturas conformadas, as que se xuntará, no seu caso certificacións de obra. Así mesmo xuntarase certificación do secretario da corporación que transcriba o acordo ou resolución da súa aprobación polo órgano competente.

Tendo en conta a cofinanciación da actividade, o Concello debera acreditar mediante certificación o importe, a procedencia e a aplicación dos fondos á actividade subvencionada.

Os pagos que se realicen, en ningún caso superarán o 80 por cento do gasto xustificado.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 11 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

A corporación local deberá emitir no prazo de 20 días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación acreditativa de que se rexistrou na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando co destino final para o que foi concedida.

Non obstante o anterior, e por tratarse dunha axuda superior a 60.000 euros, seralle igualmente de aplicación o establecido no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto da comprobación material do investimento, con carácter previo ao pagamento total da axuda, do que quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto pola representación da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar coma polo representación do Concello.

OITAVA.-

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o cumprimento da finalidade nel establecida, que en ningún caso será posterior ó 31 de decembro do ano 2007, no obstante entenderanse incluídas no mesmo as accións obxecto do convenio que se realicen dende comezos do ano 2007.

NOVENA.-

En cumprimento do disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Igualdade, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

DÉCIMA.-

O seguimento da execución do presente convenio encoméndase á Secretaría Xeral da Igualdade á que deberá ser remitida toda a documentación relativa ao mesmo.

Para a interpretación de cantas dúbidas que xurdan na aplicación do convenio, créase unha comisión mixta que estará integrada polos seguintes membros:

Por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar:

- A secretaria xeral da Igualdade, que poderá delegar nunha/nun funcionaria/o da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar adscrito a dita Secretaría Xeral.

- Unha/un funcionaria/o da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar nomeado pola secretaria xeral da Igualdade

Por parte do Concello asinante:

- O alcalde-presidente do Concello ou persoa en quen delegue.
- Unha/un funcionaria/o do Concello nomeada/o polo alcalde-presidente.

En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdicionais competentes.

DÉCIMO PRIMEIRA.-

En aplicación do disposto nos Regulamentos (CE) nº1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1783/1999 e nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999 e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son causas de resolución do presente convenio, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os intereses de demora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos.

- a) A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que impidisen.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga da xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.
- d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- f) Incumprimento das condicións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executo o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- g) Incumprimento das condicións impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como os compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- h) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.
- i) Incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no presente convenio, ou nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO SEGUNDA.-

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do presente convenio.

A suma de tódalas achegas e axudas a fondo perdido que puidera obter o Concello asinante para o mesmo concepto e finalidade, establecidos no presente convenio, non poderá superar o 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a axuda outorgada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar veríase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.

DECIMO TERCEIRA.-

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, os seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos no Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

Así mesmo, en canto lle sexa de aplicación, estarase ó disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que non se opón ao establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos Regulamentos (CE) nº1081/2006 do Parlamento Europeo e do Consello de 5 de xullo de 2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e polo que se derroga o Regulamento (CE) no 1783/1999 e nº 1083/206 do Consello de 11 de xullo de 2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e se derroga o Regulamento (CE) nº 1260/1999.

O tribunal competente para resolver as cuestións litixiosas que puideran xurdir, será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

5(2199).- SOLICITUDE DO CLUB DE ATLETISMO VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A 3ª CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE VIGUESA, O DÍA 31.12.07 NO PARQUE DE CASTRELOS. EXPTE. 7257/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta do director técnico do IMD de data 29 de outubro de 2007, coanformado polo concelleiro de Deportes e así mesmo o informado polo enxeñeiro de montes do Servizo de Montes, Parques e Xardíns en data 13 de novembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Autorizar ao Club de Atletismo Vigo a organizar o vindeiro 31 de decembro de 2007 a “3ª Carreira Popular San Silvestre Viguesa” a partir das 17,00 horas, tendo a saída do Parque de Castrelos e o percorrido que terá lugar no devandito parque.

2º.- Condicionar este acordo ó seguinte:

- Deberán absterse de colocar carteis ou pancartas nas árbores do Parque de Castrelos
- Deberá informar o Departamento de Seguridade, Circulación e Transportes sobre a necesidade de aportar póliza de responsabilidade civil.
- Serán de obrigado cumprimento as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17-03-2003.

6(2200).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A XLVI CARREIRA DO PAVO POR RÚAS DO CENTRO DA CIDADE. EXPTE. 7349/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do director técnico do IMD de data 13-11-2007, conformado polo concelleiro de Deportes, do enxeiro técnico agrícola do departamento de Montes, Parques e Xardíns de data 7-12-2007 e do xefe de Mobilidade e Seguridade de data 13-12-2007, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.- Autorizara á Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo a organizar o vindeiro

domingo 23 de decembro de 2007, a XLVI Carreira do Pavo que terá a saída ás 10,30 horas dende a Praza de Compostela, atravesando distintas rúas do centro da cidade e rematando de novo na Praza de Compostela.

2º.- Condicionarase o presente o acordo do seguinte xeito:

-Informará o Departamento de Mobilidade e Seguridade sobre a necesidade de aportar Póliza de Responsabilidade Civil.

-Deberán absterse de colocar pancartas ou carteis nas árbores.

-Serán de obrigado cumprimento as “Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos” aprobadas pola Comisión de Goberno o 17-03-2003.

-Deberán dispoñer dun servizo de limpeza complementario, debendo deixar o recinto ó remate dos actos nas debidas condicións de limpeza.

-Achegarán un aval de 600 euros.

-Por parte da organización informarase suficiente ós cidadáns que se poidan ver afectados polo evento, debendo sinalizarse convenientemente e delimitarse o contorno segundo a normativa vixente en materia de tráfico e seguridade viaria, para garantir a seguridade dos participantes e dos demais usuarios da vía pública.

-O responsable da organización estará presente, localizable e perfectamente indentificado no lugar durante todo o tempo que dure o acto e non permitirá que dea comezo este sen a supervisión dos axentes da Policía Local que sexan destinados a tal servizo.

7(2201).- PROXECTO DE ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 74215/210.

A Presidencia retira este asunto da Orde do Día.

8(2202).- FIXACIÓN DO PREXO DE VENDA Ó PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “NELSON VILLALOBOS. PINTURAS”. EXPTE. 2722/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado polo director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, de data 03-12-2007, conformado concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural que di o seguinte

“Con motivo da mostra “NELSON VILLALOBOS. PINTURAS” que se vai a celebrar na Casa das Artes do 5 de decembro ao 6 de xaneiro de 2008, editarase un catálogo con textos e fotografías seleccionadas. Este catálogo ten un custe total (edición, deseño, textos, fotografías) para unha tiraxe de 500 exemplares, i.v.e. incluído, de 6188 euros.-, co que o custe total unitario máximo é de 12 euros 37 céntimos.

Co obxecto de recuperar parte do investimento feito na edición destes catálogos e, o mesmo tempo aumenta-la súa difusión, o concelleiro de cultura resolveu a apertura do expediente de venda ó público correspondente conforme á ordenanza municipal correspondente.

Segundo dispón a ordenanza reguladora dos prezos de venda ó público de publicacións, o valor de venda ó público de cada exemplar das mesmas oscilará entre un mínimo dun 50% e un máximo dun 100% do seu prezo de custe, impostos incluídos. Segundo isto, resultan uns prezos mínimo e máximo para esta publicación de 6 EUROS 18 CÉNTIMOS e 12. EUROS 37 CÉNTIMOS respectivamente. O prezo medio de venda aconséllase que podería ser de 9 euros, impostos incluídos.

Do total dos 500 catálogos que se encargaron, considérase de interese poñer á venda pública un total de 200 e reservar 300 para necesidades protocolarias do concello e intercambio de publicacións con outros museos

Á vista do citado, seguindo instrucións do Concelleiro de Cultura faise á Comisión de Goberno a seguinte PROPOSTA.-

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición “NELSON VILLALOBOS. PINTURAS” a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio do museo.”

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(2203).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA A.VV. DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS. EXPTE. 1346/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá de data 30-10-2007, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral e visto así mesmo o informe favorable da Asesoría Xurídica de data 27-11-2007, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis” con CIF nº G-36646545, para o uso de realización de actividades no Centro Cívico de Teis, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2008.

Segundo.- Autorizar un gasto polo importe total de 55.000,00 € con cargo á partida orzamentaria de Participación Cidadá, 463.1.489.00.00, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, condicionados os efectos económicos á aprobación definitiva do orzamento do ano 2008.

Terceiro.- Delegar a sinatura do convenio no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, D. Santos Hector Rodríguez Díaz.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS

En Vigo, na Casa do Concello, o día de de 2007,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, Concelleir de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá por decreto de delegación de data 5 de xullo de 2007 e en representación do Excmo. Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Vigo, praza do Rei s/n, e delegada para este acto por acordo da Xunta de Goberno Local de data de de 200.

Doutra parte, D. Antonio Collazo Collazo ,con NIF.- , en nome e representación, como presidente, da Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545), con domicilio social na rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo,

EXPOÑEN

1º.- O Concello de Vigo dispón no barrio de Teis dun Centro Cívico; infraestrutura sociocomunitaria de proximidade ao cidadá, destinada a cubrir a iniciativa social, cultural, educativa e comunitaria no sentido mais amplo do termo, onde o cidadá establece as súas primeiras demandas, posibilitando un lugar aberto de información, formación e ocio para todo o conxunto da poboación.

Nel ofértanse diversos programas e servizos que permiten crear unha dinámica que favoreza a intercomunicación e a participación activa dos veciños e usuarios, así como a creación e mantemento de hábitos saudables de ocio. Espazos integrados e integradores

2º.- A Asociación de Veciños de Teis, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello, _____, manifesta as carencias que ten no barrio para desenrolar un programa de actividades que se achega xunto coa solicitude, e que vai dirixido a dinamización da vida cidadá como un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a cidadanía. Neste sentido, achega un programa de actividades anual que permita asegurar o necesario desenvolvemento do barrio a través da potenciación das distintas actividades de carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade.

3º.- Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, mediante este convenio, establecen os cauces de colaboración na planificación e programación xeral do Centro Cívico de Teis e nas actividades e proxectos concretos que desa planificación e programación deriven, así como respecto ó mantemento e conservación do inmovible. A tal efecto, e co obxecto de materializa-la presente declaración.

MANIFESTAN

Que coñecen e comparten os obxectivos expresados no programa que se adxunta o presente documento, polo que actuando ámbalas dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, acordan subscribi-lo presente convenio conforme as seguintes cláusulas:

CLÁUSULA PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É o obxecto deste convenio establece-las bases de colaboración na organización e execución dos programas de actividades que, na dotación municipal denominada “Centro Cívico de Teis” emprazada no Camiño de Maceiras, nº 2 da cidade de Vigo, pretende levar a cabo a Asociación de Veciños de Teis segundo a memoria que se achega a este documento como anexo 1º, asemade neste regulanse as condicións de uso, mantemento e conservación da infraestrutura municipal e se concreta a a aportación económica municipal necesaria para a consecución dos fins previstos.

CLÁUSULA SEGUNDA: FINALIDADES DO CENTRO CÍVICO

1º.- Ofrecer actividades, servizos e recursos para a poboación en xeral, e especialmente para os veciños do barrio de Teis, establecendo unha programación estable que vele porque esta oferta sexa plural, innovadora, de calidade e aberta a novas propostas. Esta programación contemplará as ofertas existentes no barrio e as de outros axentes socioculturais, velando pola complementariedade.

2º.- Fomentalo asociacionismo. Para elo o centro cívico ofertará recursos infraestruturais, materiais, técnicos e de asesoramento as entidades do territorio para facilitar e mellorar o seu desenvolvemento habitual. Doutra banda o centro cívico potenciará os encontros de persoas con intereses comúns fomentando a creación de novos colectivos formais ou informais sen animo de lucro.

3º.- Fomentar a participación cidadá nas diferentes actividades do centro, así como estimular que persoas ou grupos fagan propostas de novas actividades ou proxectos e den a súa opinión sobre cuestións xerais que afecten o funcionamento do equipamento.

4º.- Participar na dinamización cultural do barrio. O Centro cívico non ha de ofertar tan só unha programación de actividades no interior do edificio, se non que ha de contribuír na medida do posible en iniciativas externas que se xeneren no barrio e dotar, dentro das disponibilidades, soporte as diferentes actividades de entidades ou grupos, e cubrir aquelas necesidades socioculturais nas que traballe calquera outro axente, evitando en todo momento que a programación do equipamento compita ca oferta de actividades das diferentes entidades do barrio

5º.- Contribuír a desenrolar valores de respecto, solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.

CLÁUSULA TERCEIRA: VIXENCIA

A duración do convenio será desde o 1 de xaneiro do 2008 ao 31 de decembro de 2008.

CLÁUSULA CUARTA: PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

O centro cívico ademais de ofrecer unha programación de actividades de carácter xeral terá unha especialización temática baseada en tres eixes principais: asociacionismo, novas tecnoloxías da comunicación e información, promoción da cultura popular.

CLÁUSULA QUINTA: ESPAZOS E USOS

Dentro da infraestrutura empranzanse os seguintes espazos destinados, xunto co seu equipamento e instalacións, á prestación dos seguintes servizos:

EDIFICIO DE SERVICIOS:

Planta semisoto:

Unha sala de reunións polivalente.

Un taller de cociña.

Un despacho de administración e xestión.

Planta baixa:

Un centro de atención municipal (CAM).

Unha oficina de administración e xestión.

Unha sala relacional e de encontro.

Planta primeira:

Unha aula centro de internet de novas tecnoloxías de comunicación e a información.

Dúas aulas de formación.

Unha sala de estudos/biblioteca.

Planta segunda:

Unha documenteca asociativa.

AUDITORIO:

Un auditorio-teatro.

Unha sala de conferencias.

Unha sala de exposición temporais.

Dúas cabinas de control de luz, son e imaxe.

Unha taquilla para despacho de entradas.

OUTRAS INSTALACIÓNS:

Pista polideportiva ao aire libre, pendente da construción de vestiarios e peche perimetral.

Parque infantil.

Os espazos adicados a Servizos de xestión municipal directa: Centro de Atención Municipal, e Documenteca Asociativa, serán considerados como centros de custo diferenciado e por tanto, non serán imputable ao presuposto xeral do centro, quedando fora do ámbito de aplicación do presente convenio.

CLÁUSULA SEXTA: DEREITOS E OBRIGAS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS.

1ª.- A Asociación de Veciños de Teis comprométese á organización e execución do programa e proxectos que se achegan como anexo ao convenio, co fin de destinar esta infraestrutura a os fins de interese xeral e social en beneficio dos intereses xerais dos veciños e sectoriais da asociación.

2ª.- Estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil que ampare calquera danos que poida ocasionar ó local polos actos u omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506 euros.

3ª.- Contratará unha póliza de seguro de incendio e roubo para o continente e contido.

4ª.- Farase cargo dos gastos derivados da programación das actividades en xeral e en particular aqueles de mantemento e conservación das infraestruturas e do equipamento, así como os consumos de teléfono que teña o centro, consumibles e papel da fotocopiadora, no seu funcionamento xeral.

5ª.- Contratar a necesaria asistencia técnica para o manexo da maquinaria escénica, equipos de luz e son e audiovisuais do auditorio-teatro, derivada da programación dos actos propios como do resto de entidades usuarias do centro.

6ª.- Presentará ó Concello de Vigo, ó través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final, xunto co balance anual de xestión e económico, así como o inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.

7ª.- Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.

8ª.- Informar e implicar as diferentes entidades do barrio no proxecto do centro e na súa xestión.

9ª.- A Asociación velará polo bo uso e conservación das instalacións así como do mobiliario e do material para as actividades existentes.

10ª.- Coordinarse e colaborar cas diferentes entidades e grupos do barrio para a realización de actividades.

11ª.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados do desenvolvemento das actividades.

12ª.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

13ª.- Comezar as actividades á hora anunciado ao público, comprobando ca antelación suficiente o correcto funcionamento das instalación e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

14ª.- Devolver os espazos cedidos, o seu equipamento e instalacións, nas mesmas condicións da entrega. A tal fin, velará polo bo uso e conservación das instalacións cedidas, así como do mobiliario e do material necesarios para as actividades, restituindo as perdas ou deterioros do material e instalacións.

15ª.- Facilita-las actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puideran realiza los técnicos do Concello, quedando na obriga de facilitar canta información se lles solicite.

16ª.- Ademais das obrigas estipuladas no convenio, terá as consignadas no artigo 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.

CLÁUSULA SÉTIMA: OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO.

1ª.- Determinar segundo o proxecto presentado pola Asociación de Veciños de Teis e supervisado pola Comisión de Seguimento, a aportación económica para as actividades programadas no centro, tendo en conta o grao de cumprimento do programa do ano anterior.

2ª.- Aportar o material, mobiliario e infraestruturas necesarias para un correcto funcionamento do equipamento.

3ª.- Facerse cargo dos gastos de mantemento das zonas axardinadas, instalacións fixas (elevador, sistemas de protección contra incendio, roubo e intrusión, grupo electrógeno, aire climatizado), Vixancia e Seguridade, Limpeza, consumo de auga, sumministracións de electricidade que teña o centro no seu funcionamento xeral. Asemade será por conta do Concello os gastos da liña ADSL, do teléfono e do fax do Centro de Atención Municipal, e do mantemento da fotocopiadora á un máximo de 30.000 uds.

4ª.- Asumir os gastos de investimento non ordinario para obras de mellora, conservación e mantemento das infraestruturas do Centro Cívico. Así como a adquisición e modificación das instalacións e aparatos de control dos subministro que sexan necesarios incorporar para garantir o bo funcionamento das prestacións.

CLÁUSULA OITAVA: DESTINATARIOS

As actividades con cargo ó presente convenio destinaranse ao público en xeral. O acceso as actuación será público e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren. Non obstante, as actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...).

Neste último caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.

CLÁUSULA NOVENA: COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE

O Centro Cívico de Teis manterá a imaxe corporativa actual. En toda a información gráfica editada, relacionada coas actividades programadas, figurarán como mínimo os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá e da Asociación de Veciños nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía que cada unha delas achegue.

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.

A concelleiro de Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.

Do orzamento de cada unha das actividades deberá adicarse un mínimo dun 10% do seu gasto a sistemas de difusión e información das mesmas.

De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares ó Concello.

A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellaría de Participación Cidadá.

Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

CLÁUSULA DÉCIMA: OUTRAS FUNCIONS DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS

1ª.- A xestión da cesión temporal en uso dos espazos comúns e material auxiliar do centro a toda a cidadanía e entidades públicas ou privadas conforme a os criterios establecido nas normas de réxime interno. Exclúese da cesión, a realización de actividades con ánimo de lucro, as da venda directa, indirecta ou promoción de artigos de consumo, e as que atente contra os principios constitucionais e dereitos humanos.

Non se poderá retirar o material auxiliar do centro sen a previa autorización escrita da Concellaría de Participación Cidadá.

2ª.- Xestionar os permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

3ª.- Ofrecer soporte técnico e asesoramento os proxectos e actividades de carácter sociocultural a outras Entidades, facilitándolle a súa realización no centro cívico.

CLÁUSULA DÉCIMOPRIMEIRA: HORARIO

O centro permanecerá aberto 55 horas e trinta minutos semanais, de luns a venres: de 9,00 a 13:30 e de 17:00 a 22:00 horas, sábados de 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 22,00 horas, excepto os festivos. Consideraranse períodos de vacacións aqueles que así se determine polo calendario oficial e concretamente o mes de agosto, o nadal e a semana santa.

O marxe deste horario de apertura do equipamento, este poderase utilizar fora do horario habitual, previa autorización dos órganos de xestión do centro. Este tipo de uso e procedemento a seguir quedará regulado no regulamento de réxime interno do centro.

CLÁUSULA DÉCIMOSEGUNDA: COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha COMISIÓN DE SEGUIMIENTO integrada polo concelleiro de Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia, e tres vocais: un funcionario adscrito a dita Concellería, e dous a membros da Xunta directiva da Asociación de Veciños de Teis.

Actuará como Secretario da Comisión un representante da Asociación de Veciños de Teis, membro da xunta directiva, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria tódolos trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co su voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a)Supervisar e propoñer á Xunta de Goberno Local a aprobación do programa ou proxecto de actividades que elabore a Asociación de Veciños para cada anualidade no que en todo caso figurará unha Memoria e un presuposto.*
- b)Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- c)Propoñer ó Concello os traballos necesarios de mantemento e conservación do inmovible.*
- d)Controla-lo bo estado do equipamento e propoñer ó Concello as adquisicións necesarias.*
- e)Supervisar o cumprimento do programa anual de actividades do centro.*
- f)Procura-la participación doutras entidades públicas e privadas na financiación e desenvolvemento dos programas e actividades.*
- g)Elaborar un regulamento de réxime interno do centro.*

CLÁUSULA DÉCIMOTERCEIRA: USO E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Os espacios que poidan cambiar de uso durante o desenvolvemento deste convenio, acordaranse pola Comisión de Seguimento.

Sen autorización expresa da Concellaría de Participación Cidadá, non se poden facer obras, modificar ou substituír instalacións, nin instalar nos balcóns, ventás e portas anuncios nin propaganda, nin instalar nin outro elemento que poida alterar a uniformidade e estética do edificio.

O Centro Cívico disporá no prazo dun ano dun regulamento de réxime interno aprobado pola Comisión de Seguimento. Este Regulamento poderá ser revisado a petición de calquera das partes asinantes do presente protocolo.

CLÁUSULA DÉCIMOCUARTA: FUNCIONAMENTO ECONÓMICO.

1ª.- Para o cumprimento dos fins previstos, este convenio tramitarase coma anticipado de gasto, consonte coa Base 29 das de Execución do orzamento, dado que se presentó o proxecto de Orzamentaria para o exercicio de 2008, con cargo á partida 4631.489000. Polo tanto, aos efectos económicos dos presente convenio, se supeditan á existencia de crédito adecuado e suficiente, das as características da súa tramitación, e que concede a Asociación de Veciños de Teis, unha aportación económica polo importe de 55.000,00 €, , mediante transferencia bancaria á conta designada ao efecto, en base o programa anual de actividades proposto polo centro. Asemade asignará anualmente unha partida orzamentaria, definida de acordo co presuposto xeral do Concello, para atendela sucesivas prorrogas do convenio para a programación do centro e para outros gastos derivados do funcionamento do equipamento.

2ª.- Co gallo de facilita-la execución do programa, tramitarase, a petición da Asociación de Veciños de Teis, un anticipo de 15.000,00 € (27,27%) con cargo á totalidade da cantidade asignada, que se xustificará nos 3 meses seguintes á data de ingreso. Os 40.000,00 € restantes do importe liquidarásese fraccionadamente en catro (4) partes dun 25% cada unha. A xustificación das entregas a conta realizarásese pola Asociación de Veciños mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas á ese momento, a última memoria parcial coa súa correspondente conta xustificativa presentarase no prazo máximo de un mes desde a finalización do convenio. O persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da

subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

2. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
3. Datas e lugar de celebración.
4. Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
5. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
6. Actuacións realizadas.
7. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

2.1.- Número e no seu caso serie.

2.2.- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

2.3.- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)

2.4.- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)

2.5.- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

2.6.- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.

2.7.- Lugar e data de emisión.

2.8.- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

3. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

3ª.- Ambas entidades poderán obter outros ingresos provintes do patrocinio e esponsorización das actividades, a tal efecto emitirase certificación actualizada de outros ingresos recibidos co mesmo obxecto.

4ª.- A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar a correspondente liquidación e a obriga pola A.V. De Teis do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago

CLÁUSULA DECIMOQUINTA: PLAN CUATRIENAL E MEMORIA ANUAL

1º.- A Asociación de veciños de Teis presentará dentro do segundo semestre do presente ano, un plan director de acción e xestión do centro, referido ao período comprendido entre setembro de 2007 e agosto de 2010: análise e avaliación previa do entorno e das necesidades, programas de intervención previstos, programación e principais proxectos plurianuais, obxectivos globais e específicos cos seus indicadores, impacto previsto – sistemas de medición dos cambios acadados, tanto positivos como negativos – sistemas de avaliación e medición dos resultados, grado de eficacia e eficiencia.

2º.- Unha vez rematadas as actividades acordadas e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia de cada período do convenio, presentarase a MEMORIA FINAL xunto ca seguinte documentación e información vía Rexistro Xeral:

- Solicitud de liquidación final.
- Memoria descriptiva das actividades realizadas en cada programa, na que se conteñan os datos da programación desenvolta, participación, asistentes, memoria de prensa e comunicación, un exemplar do material gráfico editado para cada actividade, rexistros fotográfico ou audiovisuais, orzamento de gastos e ingresos por conceptos económicos da actividades e avaliación parcial e global.
- Relación de gastos efectuados por cada unha das accións acordadas cos datos do emisor da factura, número de CIF/NIF, data, importe con todos os impostos incluídos e concepto facturado, achegando as correspondentes facturas orixinais, expedidas conforme o R.D. 1496/2003 de 28 de novembro, pola totalidade do gasto comprometido con cargo ao Concello.
- No que atinxe a realización de cursos de ocio formativo: relación dos alumnos asistentes, datos persoais e de contacto, control de asistencia contendo a sinatura dos alumnos, curriculum vitae e experiencia docente dos monitores, avaliación dos cursos polos alumnos e monitores, contidos teóricos e prácticos desenvoltos, copia do certificado de aproveitamento.
- Balance económico de exercicio.
- Copia da póliza dos seguros de responsabilidade civil, incendio e roubo.
- Inventario actualizado dos bens mobles e inmobles do Centro Cívico, deixando constancia do estado de conservación dos mesmos.

CLÁUSULA DECIMOSEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN E XURISDICCIÓN

Son causas de resolución deste convenio, ademais das consignadas legalmente, o incumprimento grave por unha das partes de calquera das súas cláusulas.

O Concello de Vigo a través da Concellería de Participación Cidadá queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

O orde xurisdiccional Contencioso Administrativo será órgano competente para resolver as controversias que poidan surxir entre as partes, unha vez esgotada a vía administrativa.

CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA:

Serán, finalmente de aplicación ao presente convenio os preceptos básicos da Lei Xeral de Subvencións e normas de desenvolvemento; lexislación básica do Estado de Réxime Local (artigos 25 e 72 LRBRL e 189.2 e 214.2.d TRLRFL); a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sobre control financeiro, reintegro, revisión de actos e réxime sancionador, en tanto resulte máis favorable, desde a súa entrada en vigor; supletoriamente os demais preceptos da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os preceptos non básicos da LXS; as demais normas de Derecho administrativo e, por último, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado nese, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CLÁUSULA DECIMOITAVA: FINAL

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co contido e os efectos do presente convenio, o asinan e rubrican, por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

POLA A.VV. DE TEIS,

POLO CONCELLO DE VIGO,

O PRESIDENTE,

O CONCELLEIRO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA,
EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Asdo.- Antonio Collazo Collazo

Asdo.- Santos Héctor Rodríguez Díaz.

ANEXO II

GASTOS

<i>Persoal Centro Cívico (1 Técnico e 3 aux. Administrativos) ✧</i>	38.516,40 €
<i>Material de oficina ✧</i>	1.583,92 €
<i>Póliza de seguro roubo ✧</i>	1.248,00 €
<i>Asesoría laboral e fiscal ✧</i>	1.809,60 €
<i>Seguros R. Civil ✧</i>	1.248,00 €
<i>Programación de actividades ✧</i>	27.215,76 €
<i>Prensa diaria ✧</i>	624,00 €
<i>Publicidade e divulgación actividades ✧</i>	3.161,60 €
<i>Mantemento maquinaria escénica, equipos luz e son ✧</i>	3.546,40 €
<i>Subtotal</i>	78.953,68 €
<i>Mantemento de Ascensor</i>	2.080,00 €
<i>Mantemento Sistemas Protección Incendios e conservación</i>	4.160,00 €
<i>Mantemento fotocopiadora</i>	449,28 €
<i>Mantemento zonas verdes</i>	8.292,96 €
<i>Mantemento equipos informáticos</i>	4.160,00 €
<i>Subministro auga</i>	642,72 €
<i>Subministro electricidade</i>	4.992,00 €
<i>Subministro Comunicacions (ADSL) fax, teléfono</i>	5.720,00 €
<i>Consumibles fotocopiadora e papel (30.000 Copias/ano)</i>	2.496,00 €
<i>Seguridade e vixilancia</i>	20.800,00 €
<i>Limpeza e aseo</i>	31.426,72 €
<i>Auxiliar información Centro Atención Municipal</i>	21.705,84 €
<i>Subtotal</i>	106.925,52 €
<i>Total Custes</i>	185.879,20 €

INGRESOS

<i>Ingresos por cotas de cursos ✧</i>	27.215,76 €
<i>Ingresos por patrocinios públicos e privados ✧</i>	6.240,00 €
<i>Aportación A.VV. de Teis ✧</i>	3.120,00 €
<i>Aportación Concello de Vigo en convenio ✧</i>	55.000,00 €
<i>Resto aportación Concello de Vigo</i>	94.303,44 €
TOTAL INGRESOS	185.879,20 €

✧ Custes e financiamento asumido con cargo ao Convenio de Colaboración Concello de Vigo – A.VV. de Teis

10(2204).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO. EXPTE. 3372/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadán de data 30-10-2007, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, pola Intervención Xeral e así mesmo visado favoramente pola Asesoría Xuríca, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Xordos para a prestación dos servizos de interprete de lingua de signos a todas as persoas xordas e asociacións de Vigo que o precisen, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 31 de decembro de 2008.

Segundo.- Autorizar o gasto de 6.000,00 € con cargo á partida 4631 4890000 de Participación Cidadá como contrapartida do estipulado no presente Convenio, condicionados os efectos económicos á aprobación definitiva do orzamento do ano 2008.

Terceiro.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO

Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte don Santos Hector Rodríguez Díaz, concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Excmo. Concello de Vigo, nomeado por decreto da Alcaldía de data 5 de xullo de 2007 e resolución de 16 de xullo de 2007..

E doutra don Miguel Ángel González Lloves, en calidade de Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, con DNI: 36.024.981-N, e domicilio en r/ Romil, 22-24 Baixo, de Vigo.

Ambas as dúas partes, recoñécense, mutuamente, con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

EXPOÑEN:

1.- Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación.

As administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

2.- A Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, pretende realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade en canto á calidade de vida das persoas xordas con respecto ó resto dos cidadáns vigueses, na participación en actividades organizadas pola concellería de Participación Cidadá e as asociacións cívicas inscritas na Rexistro Municipal de Asociacións.

3.- Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ambas as dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribir o presente acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Condicións básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, a través da posta a disposición destes dun intérprete da lingua dos signos.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é ofrecer a todos os discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que cubra a Área de Participación Cidadá nos Centros Cívicos Municipais e as asociacións cívicas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Terceira: Funcións - A Asociación de Xordos de Vigo será a encargada de contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como avaliar e cantas outras accións sexan necesarias para a realización desta actividade.

O persoal que realice este servizo dependerá exclusivamente da Asociación de Xordos de Vigo, o cal deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e Saúde Laboral, referida ó propio persoal ó seu cargo, quedando na obriga o contratista de remitir mensualmente unha copia dos documentos oficiais nos que quede acreditada a cotización á Seguridade Social e o abono dos salarios correspondentes ao personal que presta, por conta do contratista, o servizo obxecto de convenio ao organo da administración municipal encargado da execución e do seguimento xeral do convenio. O Concello de Vigo en ningún caso asumirá responsabilidade ningunha respecto ó mencionado persoal.

Será función do Concello facer fronte ós gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Condicións - Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme a planificación mensual enviada a Asociación de Xordos. Todas as demandas deberán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto ó horario se refire.

Nas conferencias, ponencias ou similares, a organización do evento en coordinación co servizo de Atención Cidadá, facilitará o enderezo, o horario e as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Xordos conforme a planificación presentada.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

O servizo será totalmente gratuíto.

A Asociación de Xordos de Vigo, non poderá concertar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Quinta: Destinatarios - Serán destinatarios dos servizos do profesional intérprete de lingua de signos todas as persoas xordas e oíntes veciños de Vigo que o precisen, no marco da execución do presente convenio.

Sexta: Custo - O custo da execución total do convenio será de 6.000,00 € con cargo á partida 4631 4890000 de Participación Cidadá.

Sétima: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

Pola Asociación de Xordos de Vigo:

- *Miguel Angel González Lloves*

Presidente da Asociación de Xordos

- *M^a Carmen González Lloves*

Técnica da Asociación de Xordos

Polo Concello de Vigo:

- *Santos Hector Rodríguez Díaz*

concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá

- *Francisco J. Gutiérrez Orúe*

Xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá

Oitava: Difusión do proxecto – A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo.

Novena: Obrigas da Asociación de Xordos de Vigo - Polo presente convenio, a Asociación de Xordos comprométese a:

- *Desenvolver as actividades acordadas previamente, atendendo ás orientación e/ou variacións que se poidan acordar por ambas as dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.*
- *Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar mensualmente e diante da concellería de Participación Cidadá, copias dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social respecto do persoal dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.*
- *Facilitar a inspección, control, etc., de persoal técnico da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
- *Presentar ó Concello no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio, informes do desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo, no que se incluírá unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*
- *Aterse ós horarios e condicións marcadas na cláusula cuarta.*
- *Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Área de Participación cidadá.*
- *En xeral tódalas consignadas no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións*

Décima: Outras obrigas do Concello de Vigo – O Concello de Vigo obrígase ademais a:

- *Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*
- *Dispoñer os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades presentadas, polo importe máximo de 6.000,00 € marcado no presente convenio para o tempo de vixencia do convenio.*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Undécima – Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Duodécima – O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación de Xordos de Vigo a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendente. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Décimo terceira – O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia na cláusula sexta non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta – O pago deste convenio farase da seguinte maneira:

O 50% do importe total 3.000,00 € á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comezo da actividade. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, que tales actividades están iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante, 3.000,00 € á finalización do convenio, sempre que se teña xustificado o total do gasto e unha vez sexa xustificada a totalidade do gasto polo funcionario referido e, certificado o cumprimento do convenio polo servizo de Participación Cidadá correspondente, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo e informe favorable da Comisión de Seguimento.

Décimo quinta – A asociación entregarlle ó Concello no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:

- 1.- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
- 2.- Datas e lugar de celebración.*
- 3.- Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4.- Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5.- Actuacións realizadas.*
- 6.- Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- 1.- Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*

2.- Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

2.1.- Número e no seu caso serie.

2.2.- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

2.3.- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)

2.4.- Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)

2.5.- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

2.6.- Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.

2.7.- Lugar e data de emisión.

2.8.- Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.

c) Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

Réxime xurídico aplicable

Décimo séxta- O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Vixencia

Décimo séptima – O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2008 e rematará o 31 de decembro de 2008 e poderá ser prorrogable a solicitude da Asociación de Xordos na que propondrá un novo programa valorado de actividades e aceptación pola Xunta de Goberno Local a proposta da Área de Participación Cidadá, sempre e cando teñan respaldo nos orzamentos municipais.

Estando de acordo ambas as partes co anteriormente manifestado, asinan por cuadruplicado o presente convenio.

O Presidente da Asociación

de Xordos de Vigo

Miguel Angel González Lloves

O concelleiro de Promoción Económica,

Emprego e Participación Cidadá

Santos Hector Rodríguez Díaz

11(2205).- RENUNCIA DE D^a. DOLORES POSADA FERNÁNDEZ Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA USO DE DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 17980/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 7-1-2007 da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio e polo concelleiro-delegado da área, que di o seguinte:

“Dª Dolores Posada Fernández solicita a resolución da concesión por peche do negocio a partires do 1 de setembro de 2007 do quiosco sito na rúa Venezuela- confluencia con Simón Bolívar concedido a D. Ramón Fernández Vázquez polo Pleno do Excmo. Concello de Vigo na sesión do 7.3.1983, e autorizada a súa transmisión por falecemento do titular á interesada pola Comisión de Goberno na súa sesión de 16 maio de 1991, debido á imposibilidade de continuar a explotación por motivos personais.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- O Prego de condicións para a concesión de quioscos na vía pública, que o Pleno do Concello de Vigo aprobou na súa sesión de 29.4.1982, establece na súa cláusula VIII que, tendo en conta o carácter persoal da concesión, considérase extinguida debido a calquera causa, polo que é procedente aceptar a renuncia á concesión por peche da actividade pola causa que a solicitante expón, tendo que proceder a interesada á retirada da vía pública do quiosco no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación do acordo da súa renuncia, repoñendo, se así fose necesario, os desperfectos que pola súa instalación e uso poideran ocasionarse na propiedade municipal.

Segundo.- Resulta procedente dar traslado do acordo que se adopte á Administración de Tributos e ao departamento de Vías e Obras do Concello de Vigo.

Terceiro.- É competente para a adopción deste acordo a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no art. 127.1-f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do Réxime Local.

Polo exposto, de conformidade coa normativa citada e demais de xeral aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar a renuncia de Dª Dolores Posada Fernández á concesión administrativa na que foi autorizada por acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo de data 16.5.1991 para o uso do dominio público municipal mediante a explotación dun quiosco na rúa Venezuela- confluencia con Simón Bolívar, con efectos de 1.9.2007, data de cese da actividade.

Segundo.- Autorizar a Dª Dolores Posada Fernández a retirada da vía pública do devandito quiosco, que deberá efectuar no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da notificación do acordo, estando obrigada a reparar os desperfectos que se causen no dominio público municipal pola instalación e uso.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á Administración de Tributos e ao Departamento de Vías e Obras do Concello.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

12(2206).- RECLAMACIÓN DE D. ALFONSO PÉREZ SANTOS (D. FERNANDO SILVA PEREIRA) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1305/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio do 4-12-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior que di o seguinte:

D. Alfonso Pérez Santos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de D. Fernando Silva Pereira, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de novembro de 2006, no que expón que o día 4 de maio de 2006, o vehículo de propiedade do Sr. Silva, con matrícula M-7639-XY, sufriu unha serie de danos materiais na rúa Pedro Alvarado, confluencia coa rúa Alonso Ojeda, por mor da caída duns valos de obra existentes na calzada para separar unha gabia.

A reclamación substanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 04/05/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a condutora do vehículo (Dna. Paula Silva Pereira) relátalles o accidente que sufrira ó circular polo lugar; igualmente comprobaban os danos ocasionados no vehículo e que a empresa responsábel das obras na zona era MovexVial; así mesmo, que os valos non están suxeitas entre si.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/01/2007, sobre o lugar do accidente, no que indican que a empresa que realizaba as obras na zona era MovexVial.
- Informe do Parque Móbil, de data 19/01/2007, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Seguros Bilbao, presentado polo reclamante, por un importe de 299,41 euros IVE incluído, son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia á empresa concesionaria MovexVial, que formula alegacións en data 13/02/2007.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 21/03/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). Neste senso, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que este garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun desaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). No obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/92 de

Réxime Xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común). Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarse que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que o vehículo do Sr. Silva presentaba determinados danos, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fora que o valo caeu enriba do vehículo podendo haber outras causas como que o vehículo impactase directamente cos valos por calquera outra circunstancia, posto que descoñecen a ubicación dos valos con anterioridade a súa chegada ó lugar do accidente, e non existe ningunha testemuña presencial do mesmo que poda acreditar este extremo. Dado que os valos estaban na calzada por mor da realización de obras por parte da empresa Movexvial, os axentes da Policía Local puxéronse en contacto co responsable das obras e cal manifesta “os valos solos non caen”. Tendo en conta que non existen testemuñas presenciais dos feitos e que as manifestacións da conductora do vehículo e do encargado das obras recollidas na parte policial son contradictorias temos que concluír, que se ben non existe dúbida de que o reclamante sufriu danos no seu vehículo, pola contra, non existe proba ningunha que permita vincular os mesmos ó funcionamento, normal ou anormal de ningún servizo público desta Administración.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Alfonso Pérez Santos en nome e representación de D. Fernando Silva Pereira, en data 15 de novembro de 2006, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

13(2207).- RECLAMACIÓN DE D. CÉSAR A. OUTERELO GONZÁLEZ (ALLIANZ S.A.) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1264/243.ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admon. Xeral da Unidade de Patrimonio do 24-11-2007, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e pola Intervención xeral en data 7-12-2007, que di o seguinte:

“D. César A. Outerelo González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da aseguradora Allianz, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de outubro de 2006 no que expón que o día 2 de novembro de 2005, o vehículo asegurado por Allianz e de propiedade de D. José M. Pereira Carballido, con matrícula PO-9402-BK, estando estacionado nun aparcadoiro dunha empresa a carón da rúa Fragosíño número 59, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó dito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 02/11/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, observan o colector caído sobre o vehículo do Sr. Pereira.

Informe do Parque Móbil, de data 08/11/2006, comunicando que os prezos contidos no informe pericial de Allianz Seguros, presentado polo reclamante, por un importe de 1.334,82 euros IVE incluído, son correctos.

Informe do servizo de Limpeza, de data 11/12/2006, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.

Cítase proba testifical para o 21/12/2006, a unha das testemuñas propostas polo reclamante, proba que non se realiza debido á incomparecencia dunha das testemuñas citadas.

Evacuase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 16/02/2007.

Evacuase trámite de audiencia á U.T.E. Contener-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 08/03/2007

Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 23/03/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos. Principio recollido con respecto ás entidades locais no artigo 54 de Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Terceiro.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, se ben, neste caso, dado que a reclamante é unha persoa xurídica distinta do propietario do vehículo que sufriu os danos, é preciso examinar previamente a súa lexitimación como reclamante. Neste senso, achegase ó expediente unha certificación de Allianz Seguros indicando que na data do accidente o vehículo matrícula PO-9402-BK propiedade de D. José M. Pereira Carballido estaba asegurado pola citada compañía, e unha copia da póliza do seguro de responsabilidade civil obrigatoria do vehículo, entre cuxas coberturas se inclúe “Danos propios con franquicia”. Así mesmo, consta no expediente unha declaración xurada firmada polo propietario do vehículo na que fai constar que foi indemnizado por Allianz seguros polo importe da reparación do seu vehículo. Consecuentemente, procede recoñecer a lexitimación de Allianz Seguros no presente procedemento.

Cuarto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.d e 81. a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informe da Policía Local e das fotografías aportadas ó expediente despréndese que o colector bateu no vehículo, causándolle diversos danos, polo que a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Quinto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Pereira, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente informe pericial de P. Freire Peritación por un importe de 1.334,82 euros IVE incluído, conformado polo servizo de parque móbil, que no seu informe

considera que os prezos son correctos, polo que procede o seu aboamento.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. César A. Outereiro González en nome e representación da aseguradora Allianz, en data 19 de outubro de 2006, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos polo vehículo propiedade de D. José M. Pereira Carballido, e asegurados pola entidade reclamante, indemnizándoa coa cantidade de 1.334,82 €, correspondente ó valor da reparación do vehículo danado”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a precedente proposta.

14(2208).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE MESTURAS BITUMINOSAS PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 53559/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Sercocysa Proyectos y Obras, S.A.” o concurso para a contratación da subministración de mesturas bituminosas para o servizo de Vías e Obras. (expte. 53559-250) por un importe de 200.000 euros, un desconto porcentual do 18,37 % respecto de cada un dos prezos do prego de prescricións técnicas particulares, comprometendose a execución das seguintes melloras:

- Ata 200 toneladas de mestura bituminosa en quente realizada con betumes modificados.
- Ata 300 toneladas de microaglomerado de mestura bituminosa en quente de cor vermello, con betumes modificados e pigmento orgánico.
- Subministración en camiións pequenos ou carroquetas para lugares de difícil acceso.
- Posta a disposición de laboratorio homologado para control de calidade..
- Catro toneladas de mestura bituminosa en frío envasado en botes de 25 kg para utilización en bacheos e outros.

Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 15-10-2007 e a oferta presentada

15(2209).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO PARA A SUBSTITUCIÓN DO QUE SE ATOPA DETERIORADO. EXPTE. 12239/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Imes API, S.L.” o concurso para a contratación da subministración de material eléctrico para substitución do que se atopa deteriorado. (expte 12239-444) por un importe de 49.996 euros. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 15-10-2007 e a oferta presentada .

16(2210).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBSTITUCIÓN DE PUNTOS DE LUZ POR OUTROS DE MENOR CONSUMO E MAIOR EFICIENCIA ENERXÉTICA. EXPTE. 12226/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5 de decembro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar a “Imes API, S.L.” os lotes 1, 2 e 3 do concurso para a substitución de puntos de luz por outros de menor consumo e maior eficiencia enerxética. (expte 12226-444) por un importe de 20.000 euros cada un dos lotes comprometéndose a substituír 25 puntos de luz no lote 1, 90 no lote 2 e 50 no lote 3. Todo iso de acordo co proxecto e o prego de condicións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 15-10-2007 e a oferta presentada .

17(2211).- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CONSUMIBLES INFORMÁTICOS. EXPTE. 3087/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 12-11-2007, do xefe de negociado de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal e así mesmo pola Intervención Xeral que di o seguinte:

“A Xunta de Goberno de 16-10-2006 adxudicou o concurso para a subministración de consumibles informáticos a Profinsa, Productos de Oficina e Informática, S.A.

Na cláusula 2.3. do prego de cláusulas administrativas particulares e 7 da folia de especificacións do contrato (FEC) que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o dun ano dende o día un dos mes seguinte ó da data de sinatura do contrato en documento administrativo (07-12-2006). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorrogalo contrato por unha anualidade máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

O xefe do servizo de Informática propón a prorrogación do contrato.

A vista das anteriores consideracións propónse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Autorízase a prorrogación para o período comprendido entre o 01-01-2008 ó 31-12-2008 do contrato para a execución da subministración de consumibles informáticos adxudicado a Profinsa, Productos de Oficina e Informática, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de 16-10-2006.

O importe máximo da prorrogación do contrato ascende á cantidade de 39.942,94 euros que se imputarán á partida 121.7.220.02.00 do ano 2008. “

A Xunta de Goberno Local queda enterada da anterior resolución.

18(2212).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN RELATIVA A ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS Ó PERSOAL DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS- NOVIEMBRE DE 2007. EXPTE. 17937/220.

Con data 3-12-2007, o Alcalde asinou a seguinte resolución:

Consonte á instrucción cuarta, apartado f) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, vixente para o presente exercicio, en concordancia coa Disposición Transitoria 6ª.1 do vixente Acordo Regulador, aprobado polo Pleno da corporación en sesión de 28 de decembro de 1998, aboarase con cargo a gratificacións por servizos extraordinarios o exceso de xornada estrutural anual do persoal adscrito ó servizo de extinción de incendios e salvamento, sen prexuízo da parte que se lle incluíu no complemento específico.

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de goberno local en sesión de 19 de abril de 2004, a xornada estrutural do S.E.I.S. quedou establecida en 219 horas anuais, como consecuencia da redistribución do réxime de quedas aprobado en dito acordo, respetándose nembargantes o réxime retributivo e importes vixentes.

Consecuentemente, o importe mensual destas gratificacións resulta, segundo categoría, o seguinte :

Bombeiro e Conductor-Bombeiro.....	257,16 €
Cabo.....	272,31 €
Sarxento Xefe de Turno.....	310,83 €
Sarxento Xefe de Parque.....	335,53 €
Suboficial / Oficial.....	341,49 €

As cantidades vixentes para este ano resultan de aplicar sobre as cantidades correspondentes o ano 2006, o incremento do 2% do IPC correspondente o exercicio 2007, previstos na Lei de Presupostos do Estado para o exercicio de 2007, respectivamente.

Nesta orde de antecedentes, o abono deste complemento retributivo queda suxeito ós seguintes presupostos de asignación :

Que se realice unha xornada en exceso sobre as normais de 219 horas/ano. No caso contrario reducirase na parte proporcional que corresponda.

Por cada día de ausencia ó traballo descontarase, segundo a categoría profesional, a parte proporcional resultante dos importes mensuais percibidos polo persoal do servizo de Extinción de Incendios en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios por dito exceso de xornada.

Con data 30 de novembro de 2007, remítese a esta Unidade relación de persoal do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento aos que procede aboar a gratificación mencionada correspondente ao mes de novembro de 2007, asinada polo Xefe do Servizo e conformado polo Concelleiro da Área.

Por isto, propónse a aprobación da seguinte PROPOSTA:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, se aboaran aos traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de NOVIEMBRE-2007, por un total de 31.434,69 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIONES.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada da anterior resolución.

19(2213).- NOMEAMENTO INTERINO DUN ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 17918/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 4-12-2007 da Tca de Org e X de RR HH e da xefa da Unidade de Persoal conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e informado así mesmo pola Intervención Xeral o 7-12-2007, que di o seguinte:

“Con data 30 de novembro do 2007 actual, o Concelleiro delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, solicita o nomeamento interino dun administrativo, para cubrir ésta praza en tanto dure a situación de servizos especiais de dona Lucia Trillo de Martin Pinillos, titular da praza.

En base as referida petición e instrucción do Concelleiro da Área de Xestión Municipal, o Servizo de Persoal procede a tramitación do correspondente expediente.

Antecedentes.- Según certificación obrante no expediente persoal de dona Lucia Trillo de Martin Pinillos, ésta é funcionaria deste concello con praza de administrativa de administración xeral, atopándose neste intre en situación administrativa de servizos especiais, prestando os servizos de asesora do Gabinete do Subdelegado do Goberno de Pontevedra, dependente do Ministerio de Administracións Públicas, dende ó día 1 de xuño do 2004.

A Ley 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, dí que són funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para

o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dé algunha das seguintes circunstancias, neste caso, a substitución transitoria da titular da praza, en tanto dure a situación administrativa de servizos especiais.

O cese de dita funcionaria interina, produciráse ademais de polas causas previstas no artigo 63 do devandito Estatuto do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, dacordo co art. 10, aptdo. 3.

Nas bases da última oferta de emprego correspondente o ano 2005 (DOGA nº 224, do 21 de novembro do 2006, prevíase nas bases xerais “outras disposicións comuns” a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non habendo superado a oposición, tivésen aprobado todos as probas de que constou aquela.

Aos efectos da cobertura deste posto de administrativo e tendo en conta o anteriormente exposto, será chamada a aspirante da referida lista, según a acta do tribunal calificador de data 6 de setembro do 2007, (da que se adxunta copia), e que lle corresponde por orde de puntuación e que acepte expresamente este nomeamento interino, durante o tempo que dure a situación de servizos especiais da titular da praza no dito departamento.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder a dito nomeamento interino, xa que as citadas/os candidatas/os superaron os exercicios da oposición para a cobertura da mesma praza na derradeira OEP do 2005 .

Códigos do posto de Traballo e Servizo a efectos retributivos:

- *Posto de traballo de administrativo: Cód. 105*
- *Cód. Servizo Desenvolvemento Local e Emprego: Cod. 108:*

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o servizo de persoal propón a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización por Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Pola Alcaldía Presidencia se proceda o nomeamento interino de dona Julia Dopico Gómez con cargo a praza vacante de administrativo, por sé-la aspirante que figuran na lista de substitucións, recollida na Acta do Tribunal cualificador das prazas de administrativos da OEP do 2005, de data 6 de setembro do 2007, correspondente as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira e dacordo co disposto nas bases xerais, que lle corresponde por orde de puntuación e acepta expresamente dito nomeamento.

Dito nomeamento, será polo tempo que permaneza na situación administrativa de “servizos especiais” a titular da praza, dona Lucia Trillo de Martin Pinillos, como asesora do gabinete do Subdelegado do Goberno de Pontevedra.

A referida aspirante prestará ós servizos propios da súa categoría profesional no servizo municipal de Desenvolvemento Local e Emprego, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte da paga extraordinaria do posto Cód. 105-Administrativo, da Relación de Postos de traballo vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(2214).- PROPOSTA DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS-2007.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do administrador da Escola

Municipal de Artes e Oficios de data 12.12.2007, conformada pola concelleira delegada da área de Educación, que di o seguinte:

Valorando a especial adicación e rendemento do persoal adscrito á Escola Municipal de Artes e Oficios, sométese á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha retribución extraordinaria por produtividade, pola contía e asignación nominal que se achega e que ascende a un importe de 33.604 euros:

POSTO	NOME	IMPORTE
Profesor de Lingüas da Comunidade Autónoma Galega	D. Xoé G. Feixó Cid	830
Técnico do Departamento de Música Tradicional Popular Galega	D. Rodrigo Romaní Blanco	830
Mestre de Oficios de Instrumentos Musicais Populares Galegos	D. Carlos Corral Fernández	948
Mestre de Oficios de Instrumentos Musicais Populares Galegos	D. Xa Sme Rivas Dacosta	948
Mestre de Oficios de Luthería Antiga	D. Ramón Rodríguez Casal	948
Mestre de Formación de Repuxado en coiro	Dº. Virginia González Remesar	2.700
Mestre de Formación de Ourivaría	D. Eduardo Alvarcz Blanco	2.700
Mestre de Formación de Artes Gráficas	D, Delmiro Bernárdez Quiérello	2.700
Mestre de Formación de Corte e Confección	D". M. Teresa Fernández Nogueira	2.700
Mestre de Formación de Escultura e Talla na madeira	D". Rosa M. García Martínez	2.700
Mestre de Formación de Debuxo	Dº. Rut Martínez López de Castro	2.700
Mestre de formación de Cerámica	D, Miguel Vázquez Pérez	2.700
Auxiliar Administrativo	D". Matilde León Rodríguez	1.900
Auxiliar Administrativo	D. Franciso Torres Rodríguez	1.900
Ordenanza	D", Isabel Pérez González	1.600
Ordenanza	D". Mercedes Sánchez Várela	1.600
Ordenanza	Dª. Mª Teodora Vázquez Estévez	1.600
Ordenanza	Dª. Ana Mª. Fernández Giráldez	1.600

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

21(2215).- CONCESIÓN E DENEGACIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN DO ANO 2007 NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 4921/77.

Examinadas as actuacións do expediente, o informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 27.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego e o intervido e conforme do Interventor Xeral a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder as seguintes axudas económicas, por un importe total de 10.707,00€

Solicitante	Empresa	CIF	Núm. traballad.	Importe da axuda
Fernando Martínez de Arellano Fernández	Dolores Fernández e Hijos, S.L.	B36935831	1	450,00
Ana Belén Moldes Fajardo	Zentro de Imagen Personal y Técnicas Manuais, Aquilea, S.L.	B36891711	2	5.250,00
Diego Maraña Goldar	Qualitynova Consultores, S.L.	B36952752	1	3.000,00
Adolfo González González	Limpiezas del Noroeste, S.A. (LINORSA)	A36621464	2	1.116,00
M ^a Jesús Fernández Cortegoso	Cruz Roja Española-Vigo	Q2866001G	2	891,00

- Denegar a seguinte axuda económica ao seguinte solicitante:

Solicitante	Empresa	CIF	Motivo de denegación
Juan Carlos Bouzón Loureiro	Alcampo,S.A..	A28581882	Documentación incompleta

22(2216).- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O ANO 2007. EXPTE. 4962/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego de data 14-12-2007, conformado polo concelleiro de Promoción Económica e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o procedemento de selección dos/as axentes de emprego e desenvolvemento local para o ano 2007, establecido nas seguintes bases:

*BASES PARA A SELECCIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL
Decembro 2007*

Axente de emprego e desenvolvemento local. Segundo a Orde de 9 de agosto de 2007, as funcións dos axentes de emprego e desenvolvemento local son, entre outras, as seguintes:

- a) Xestionar axudas para favorecer o emprego, centrándose sobre todo en aqueles colectivos con maiores dificultades á hora de conseguir emprego.*
- b) Infomar ás empresas dos instrumentos de promoción e fomento da competitividade empresarial dispoñibles, así como facilitar o seu acceso a eles.*
- c) Promover a cultura emprendedora fomentando iniciativas empresariais e apoiando novos proxectos de autoemprego individual ou colectivo informando das medidas de apoio existentes e poñendo en relación persoas emprendedoras e recursos.*
- d) Comunicar a empresas e persoas emprendedoras as subvencións para a formación e o emprego, así como facilitar o acceso a elas.*
- e) Contribuír ao desenvolvemento socioeconómico do territorio mediante:*
 - *Prospección de recursos ociosos ou infrutilizados e de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego.*
 - *Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre persoas desempregadas, promotores e promotoras, persoas emprendedoras e institucións colaboradoras.*
 - *Acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para a súa consolidación en empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.*

- Apoio aos promotores e ás promotoras das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos/as tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento.

Nº de postos: 6

Características dos contratos: Os contratos laborais (por obra/servicio de duración determinada) terán as características establecidas no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007, por un ano de duración, co nivel retributivo contemplado no Acordo para titulado medio (modalidade Técnicos e Xestores).

Aquelas persoas candidatas que xa desenvolveran esta actividade no Concello de Vigo dende o ano 2006, poderán non ser seleccionadas en virtude do establecido no RD Lei 2/2006, de 9 de xuño, modificando o art 15 do Estatuto, en canto ás limitacións temporais que se recollen para a contratación laboral-temporal.

Procedemento de selección:

1. Realización de oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego para seis postos de “Axente de emprego e desenvolvemento local”. Tres candidatos por praza. Complementariamente, anunciarase a convocatoria na prensa local.
2. Valoración dos currícula enviados. Esta función realizarana a Concellería de Promoción Económica e Emprego do Concello. Cos currícula valorados (segundo o baremo que a continuación se indica), a Comisión de Selección definirá o número de candidatas que pasarán a entrevista persoal, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para o posto de traballo en cuestión (a entrevista persoal ante a Comisión de Selección terá unha puntuación máxima de 5 puntos que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos currícula).

Cráterios de baremación para Axentes de emprego e desenvolvemento local:

1. *Experiencia en programas de fomento da iniciativa empresarial e de promoción do emprendemento:* 0,1 ptos por mes (máximo 3 ptos).
 2. *Formación complementaria:* 0,10 ptos por cada curso de entre 20 e 49 horas; 0,20 ptos por cada curso de entre 50 e 249 horas; e 0,40 ptos por cada curso de 250 e máis horas, todos eles relacionados directamente coa actividade (máximo 2 ptos).
 3. *Coñecementos de galego:* Curso de Iniciación: 0,25 ptos; Perfeccionamento: 0,5 ptos; Linguaxe administrativa media: 0,8 ptos; Linguaxe administrativa superior: 1 pto. Só se computará o de maior puntuación. Outros cursos: coa mesma puntuación que no punto 2º (máximo 1 punto). Cada nivel de Celga terá unha puntuación de 0,2 ptos.
 4. *Outros méritos (coa mesma puntuación que no punto 2º):* informática e idiomas ata un máximo de 1 pto.
3. *A composición da Comisión de Selección será a seguinte:*
- O xefe do Servizo de Promoción económica e emprego do Concello de Vigo.
 - 2 Técnicos municipais, designados polo Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

23(2217).- CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREAMENTO DE EMPRESAS DO ANO 2007 NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 4959/77.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 12.12.07, conformado polo concelleiro delegado da Área, así como informe complementario da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Conceder as axudas económicas aos seguintes solicitantes por un importe total de 120.000 euros:

Nº EXP	NOMBRE	DNI/CIF	IMPORTE
4697	AVANZA CONSULTORES Y SOLUCIONES SLNE	B36979029	370
4721	CEIP LA FLAUTA MÁGICA SLL	B36973493	3.000
4648	AYASO VIGO Y ASOCIADOS SL	B36977890	1.560
4689	ESTANDAR GESTIÓN ALIMENTARIA CB	E36989028	691
4650	MIGUEL ÁNGEL PAZ MORENO	32600592R	1.934
4808	LOURDES VELOZ DE BAZ	39485367W	845
4677	TERESA LORENZO COSTAS	35995345T	2.015
4706	TRANSNIÑOS SL	B36975175	3.000
4688	ALEIDA SERVICIOS XERIATRICOS SL	B36970010	2.913
4679	AULA DE EMPREGO SIGLO XXI	B36976348	2.401
4732	ESTUDIOS MUSICALES METROPOLIS SL	B36977197	3.000
4698	MALUFE MODA SL	B36990174	2.564
4670	MARÍA ELENA ALONSO CASAR	36109433P	967
4754	INELVICA SL	B36987048	849
4641	M2 INFORMATICA CB	E36990505	3.000
4686	SILVIA FERNÁNDEZ FIGUEIREDO	36145402M	1.658
4739	MARÍA BARREIRO CANOSA	36137021L	2.725
4753	MARÍA BEATRIZ GOMEZ CERDEIRA	35993290S	2.668
4681	LU&CAR SL	B36989838	3.000
4736	ROSA GÓMEZ TORRE	38525326G	1.929
4690	OPTIVARELA VIGO SL	B36982502	3.000
4722	MARÍA FERNANDEZ NANTES	35281900S	3.000
4682	MARÍA ISABEL DA SILVA VÁZQUEZ	35992950C	1.559
4668	EDUARDO IRAGO FERNÁNDEZ	36143478J	310
4674	BEATRIZ AGULLA IGLESIAS	36144437Y	3.000
4713	MARÍA FÁTIMA VILAS GONÇALVES	36099098T	1.953
4737	INMOMAICA SL	B36991214	1.772
4667	OVIDIO TRIGO PIÑEIRO	78732769C	3.000
4657	MARTA RODAL CAMBEIRO	36137964L	1.441
4701	ALBERTO RODAL GONZÁLEZ	36154105Z	795
4709	MONSERRAT COSTAL TIELAS	76896307Q	1.712
4695	MONSERRAT GONZÁLEZ ANTELO	36113635R	752
4676	MARISELA VISO VARELA	53193755E	960
4734	BARBANTES CB	E36988046	3.000
4659	COSTAS Y DÍAZ CB	E36987105	1.667
4707	DEMOSTRA SL	B36987279	765
4757	MARÍA APARECIDA SOUZA ALMEIDA	X4956578D	2.767
4680	MARÍA JOSÉ CABRERA RODRÍGUEZ	42165393E	218
4742	ÓSCAR PIÑEIRO PÉREZ	36167028B	561
4660	MONSERRAT FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	36128966Z	3.000
4662	ALEJANDRO LÓPEZ YEBRA	30944505Y	3.000
4675	CARLOS NOVOA COSTAS	36063354K	1.176
4750	MARÍA CARMEN LUZ IGLESIAS CAMIÑA	36031587V	2.259
4714	ALBERTO CHARLE CRESPO	36071734Y	571
4678	MARÍA EVA GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ	36092761B	3.000
4702	BLESSING O. OGBEIDE	X3641341G	1.741
4720	JULIA GONTA SIEIRO	36026575L	2.827
4627	ELENA FERNÁNDEZ SÁNCHEZ	36120544X	1.975
4748	BEATRIZ CAMPOS CALVAR	36123690M	1.953
4645	ROSA ISABEL PRADO FERNÁNDEZ	36143748F	784
4646	ADRIANA JANETH VENERO GIL	X7116412M	1.650

4717	ALMUDENA DE ARCOCHA ÁLVAREZ	36177874R	1.639
4687	TAPICES CB	E36982627	2.411
4669	CARMEN HERMIDA COLIN	34964671W	872
4628	MARÍA ISABEL GONZÁLEZ LANDESA	36046183P	2.208
4649	JULIA LAGE PRIETO	36015212H	3.000
4644	RAMONA ALONSO DOMÍNGUEZ	34625905A	2.965
4663	MERCEDES PÉREZ JANEIRO	36046552D	2.580
4694	PUERTAS AUTOMÁTICAS CLEVER SL	B36982759	1.468
4636	MARÍA ISOLINA MARTÍNEZ VIDAL	36033506G	3.000
4703	ALEXANDRA ALONSO PÉREZ	53171219A	934
4699	CALO CB	E3698848	1.666

2.- Denegar as seguintes solicitudes en base ao establecido na base 1ª.5, dado que as solicitudes presentadas superaron o orzamento previsto, sendo estes os proxectos con menor puntuación do baremo establecido:

N ° EXP	NOME	DNI/CIF	IMPORTE
4716	MARTA DEL MOLINO PIÑAN	10837993W	2.239
4726	MARIA TERESA VELOSO SANMARTIN	35980729N	877
4740	Mª DEL CARMEN PAZOS REY CABARCOS	02893532V	3.000
4711	GABRIELA JESÚS PORTO FUNES	35585798Z	2.223
4684	ROSA MARÍA LORENZO BLANCO	36114431S	1.933
4642	AMENDOA SL	B36978807	3.000
4723	MÓNICA MARCOS GUERRERO	36071741J	1.886
4638	DIELLAS CB	E36987741	2.943
4735	PORTAS PEREZ ALFONSO SLNE	B36977072	805
4683	MONSERRAT FERNANDEZ DEL RIO	53185012L	1.178
4747	VIAJOCIO CB	E36986438	1.528
4728	JOSEFINA BARREIRO ALONSO	53174372M	132
4719	MEDIGALICA CB	E36990113	2.137
4724	REBECA ALBA PÉREZ	36144267C	2.935
4727	JERÓNIMO GÓNZALEZ GARCÍA	53185337E	1.258
4691	DECORACIONES ALYGON CB	E36982148	509
4756	MARIA ÁNGELES VELOSO RODRIGUEZ	36103325H	388
4718	ANGEL RAMON SOTO ESCUDERO	34920862P	3.000
4634	MARIA SONIA IGLESIAS CAMPOS	36151884R	2.471
4738	OCCAM CB	E36975811	2.378
4637	ENCARNACIÓN PERELLO REY	36036290M	3.000
4685	WILLIAN ANTONIO BAILON BRAVO	X4008412H	570
4704	DIANA DIZ MARTINEZ	53179314W	3.000
4761	JOSE ANTONIO PACHECO VÁZQUEZ	53181280J	728
4741	OSCAR JORGE RODRIGUEZ	36139903A	1.543
4673	NEOACTIVA CONSULTORES SL	B36991404	677
4708	JAVIER GARATE SANMARTIN	33299893X	900
4705	MARIA SONIA FORMOSO DIAS	34980740V	3.000
4744	MÓNICA GRADIN VEIGA	76994088R	3.000
4635	OTIMAR CB	E36977916	2.937
4640	BM&FONTANEROS	E36979888	2.054
4715	PABLINA GALEANO SANABRIA	X7490951N	1.209

3.- Denegar as seguintes solicitudes, unhas por non cumprir os requisitos esixidos, e outras por non achegar a documentación precisa:

N ° EXP	NOME	DNI/CIF	MOTIVO
4758	HUGO PEDROSA MARTINEZ	53172157K	DEBEDAS CONCELLO/ FALTA DOC.
4743	MARIA PASTORA GONZALEZ LAGO	36072023L	FALTA DOCUMENTACION
4693	MIRIAM LORENZO FERNANDEZ	36143399A	FALTA DOCUMENTACION
4710	BELEN VELLO SANCHEZ	36144928Z	FALTA DOCUMENTACION
4692	A CARON DO LUME, S,L.	B36991461	DEBEDAS CONCELLO/ FALTA DOC.
4725	MARTA RODRIGUEZ BARREIRO	36089363V	FALTA DOCUMENTACION
4749	CARPINTERIA NOVA ERA, C.B.	E36987956	DEBEDAS CONCELLO
4751	JOSE MANUEL PEDREIRA LAMEIRA	X2937933M	FALTA DOCUMENTACION
4733	ROSARIO EULALIA DONATE SOTELO	39485223L	FALTA DOCUMENTACION
4755	BARBARATRANS, S.L.	B36982965	NON CUMPRE REQUISITOS
4745	ANTONIO LUZZI	X5456116X	FALTA DOCUMENTACION
4752	MARIA JOSEFA CRESPO ALONSO	77003913M	FALTA DOCUMENTACION
4746	PATRICIA OSUNA FERNANDEZ	36089528K	FALTA DOCUMENTACION
4712	ROSA MARIA TOME PUJALES	36120971T	DEBEDAS CONCELLO
4700	JUAN LUIS ALONSO RODRIGUEZ	36046980T	RENUNCIA

24(2218).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DO PLAN DE CALIDADE TURÍSTICA 2007. EXPTE. 2151/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo de data 14.11.07, conformado polo concelleiro delegado da Área, unha vez examinado pola “Comisión de Valoración de subvencións de promoción turística” na mesma data, e visto o informe do interventor xeral de data 28 do mesmo mes, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións propostas, polas contías e conceptos que se especifican a seguir, persoas xurídicas ou físicas que se relacionan:

ENTIDADE E NIF	CONCEPTO	ORZMTO.	PUNTOS	IMPORTE SUBV.
Asoc. Comer. e Empresarios do Calvario G-36.661.536	Actuaciones sinalización e dinamización comercial no centro comercial aberto Calvario	5990 €	50	3000 €
Cofradía Stmo. Cristo Aflixidos G-36.690.170	Cociña mariñeira Festas Bouzas	10.117,93€	40	2400 €
Asoc. Comerciantes e Hosteleiros Vigo Vello G-36.909.232	III xornadas gastronómicas da tapa galega	9003,79€	45	2700 €
Federación Comercio Vigo FECOVI G-36.911.543	V Gala do comercio de Vigo	11770€	40	2400 €
Asoc. Com. y Prof. Centro Príncipe G-36.636.942	Vigo, cidade de compras e lecer	7000€	45	2700 €

Federación Mercados Centrales de Vigo MERCACEVI G-36.822.120	Animación nadal e confección e distribución da guía de mercados de Vigo	7344€	50	3000 €
Asoc. Empres. Comerciantes Traviesas AETRAVI G-36.847.861	Festa da nai	6209,15€	30	1800 €
Federación de Empresarios de Hostelería de Pontevedra G-36614907	Atención ó cliente e protocolo para hostelería	4725€	50	3000 €
Portales Verticales CES,SC	Campaña de difusión de Vigo, destino turístico	5860€	10	600 €
Bolina Sail &Co.	Reestructuración da páxina web	3050€	10	600 €

Segundo.- Desestimar as solicitudes de subvención que se relacionan a seguir, por non ter aportado a documentación esixida nas bases da convocatoria,

ENTIDADE E NIF	MOTIVO
Asociación Comerciantes Zona Centro de Vigo G-36.887.859	Non aporta documentación solicitada
Axoama (Asociación Xuvenil de Actividades de Ocio de Matamá) CIF G-26945384	non aporta documentación solicitada
Patricia Beiro Sanromán CIF 76999458	non aporta documentación solicitada
Marcelo Fabián Míguez Café Bar La Escalerita	Non aporta documentación solicitada

Terceiro.- Que, unha vez adxudicadas as subvencións con cargo á partida 7510.470000 “Transferencia a Entes Privados”, por un importe de 22.200 €, se libere o credito retido ata o saldo disponible da partida.

Cuarto.- Unha vez notificado o acordo da Xunta de Goberno Local de concesión de subvencións, os adxudicatarios das subvencións terán un prazo de dez días para a xustificación das mesmas, nos termos expresados na cláusula décimo segunda das bases da convocatoria.

Quinto.- O incumprimento dalgún dos extremos esixidos para o pagamento da subvención implicará a anulación da subvención concedida.

25(2219).- ALLEAMENTO DE APROVEITAMENTO URBANÍSTICO ATRIBUIDO Ó CONCELLO NA UE I-02 REGUEIRO. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.EXPTE. 4715/401. Vista a proposta da Mesa de Contratación de data 28.11.2007, co intervido e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o concurso para o alleamento do aproveitamento urbanístico atribuído ao Concello na UE I-02 Regueiro á empresa “ Miracíes S.L.” polo prezo de 2.510.032,78 euros mais IVE, impostos e gastos aplicables ás transmisión.

O licitador terá a obriga de constituir a garantía definitiva e a formalización do contrato nos termos do prego de condicións.

26(2220).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA UA 1 TOMADA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4747/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 26 de novembro de 2007 asinado polo director e polo adxunto ó director da oficina de Planeamento e Xestión e polo técnico de Admon. Xeral, que di o seguinte:

“ O Pleno do Concello de Vigo deu aprobación definitiva ó Estudio de Detalle da “UA 1 Tomada”, correspondente ó expediente tramitado pola Xerencia municipal de urbanismo co número 4407/411.

Según consta no expediente, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo deu aprobación á constitución da Xunta de compensación da “UA 1 Tomada”, presentada por outorgada o 6 de febreiro de 2002 por D.Juan-Tomás Álvarez Rial e outros propietarios, ante o notario de Vigo, D. Jose Luis Lorenzo Arean, ó numero douscentos setenta e cinco do ano 2002 (275.02) do seu protocolo.

No expediente 162/413 se tramitou a expropiación dos terreos non incorporados á Xunta de Compensación.

A Xunta de compensación aprobou inicialmente o proxecto de compensación o 16.03.07. O acordo de aprobación inicial foi publicado o 23.03.07 no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Así mesmo, se deu traslado da aprobación inicial a todos os propietarios que figuran no proxecto de compensación.

Durante o trámite de audiencia e de información pública non se presentaron alegacións, segundo o certificado do secretario da XMU de 21.08.07.

En data 26.06.07 o director adxunto da oficina de planeamento e xestión informou o seguinte: “(...) A vista da documentación presentada, esta oficina técnica informa que o proxecto de compensación obxecto de informe, axústase ó estudio de detalle da UA 1 Tomada, aprobada definitivamente o 29 de abril de 2004. O proxecto de compensación figura aprobado pola Xunta de Compensación con data 16 de marzo de 2007, habendose publicado no BOP con data 23 de marzo de 2007. O proxecto de compensación abarca unha superficie de 17.815,70 m², dispoñendo dunha edificabilidade de 8.786,962 m² construídos a situar en 42 parcelas, unha delas con ordenanza 1.3.A. e o resto en ordenanza 1.3.D. O aproveitamento é de 0,493 m²/m². A superficie destinada ás parcelas edificables é de 8.907,87 m², sendo a superficie destinada a cesións de 8.907,825 m², das cales destínase a zonas verdes 6.333,96 m², a viario de nova apertura 1.302,565 m² e ampliación do viario existente 1.271,30 m². A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento é de 878,697 m² construídos, e emprázase nas parcelas nº 5, 6, 26 e 39.

PARCELAS DE ORIXE

PARCELA	SUP.ESCRIT.	SUP. P.C.	% COEF.	EDIFICA B.	10,00 %	EDIF. NETA	Ref. Cat.
Nº 1	400,00	408,780	2,294	204,390	20,44	183,95	9431133 NG1793S
Nº 2	228,00	333,470	1,872	166,735	16,67	150,06	9431132 NG1793S
Nº 3	385,29	385,290	2,163	192,645	19,26	173,38	9431131 NG1793S
Nº 4	243,00	235,520	1,322	117,760	11,78	105,98	9431135 NG1793S
Nº 5	634,00	608,450	3,415	304,225	30,42	273,80	9431136 NG1793S
Nº 6	764,00	1.125,120	6,315	562,560	56,26	506,30	9431137 NG1793S
Nº 7	272,00	463,380	2,601	231,690	23,17	208,52	9431123 NG1793S

Nº 8	414,00	861,670	4,837	430,835	43,08	387,75	9431122 NG1793S
Nº 9	1.798,00	1.831,030	10,278	915,515	91,55	823,96	9431124 NG1793S
Nº 10	914,00	919,990	5,164	459,995	46,00	414,00	9429601 NG1792N
Nº 11	1.195,00	1.085,545	6,093	542,773	54,28	488,50	9429602 NG1792N
Nº 12	450,00	432,360	2,427	216,180	21,62	194,56	9429673 NG1792N
Nº 13	390,00	468,900	2,632	234,450	23,45	211,01	9429603 NG1792N
Nº 14	1.430,00	1.437,440	8,068	718,720	71,87	646,85	9429604 NG1792N
Nº 15	914,00	749,000	4,204	374,500	37,45	337,05	9429672 NG1792N
Nº 16	485,00	470,590	2,641	235,295	23,53	211,77	9429671 NG1792N
Nº 17	452,00	460,950	2,587	230,475	23,05	207,43	9429670 NG1792N
Nº 18	842,00	829,820	4,658	414,910	41,49	373,42	9429669 NG1792N
Nº 19		224,900	1,262	112,450	11,25	101,21	9429683 NG1792N
Nº 20	338,00	224,900	1,262	112,450	11,25	101,21	9429659 NG1792N
Nº 21	375,00	254,920	1,431	127,460	12,75	114,71	9429682 NG1792N
Nº 22	322,00	364,800	2,048	182,400	18,24	164,16	9429681 NG1792N
Nº 23	757,00	705,440	3,960	352,720	35,27	317,45	9429668 NG1792N
Nº 24	78,00	99,650	0,559	49,825	4,98	44,84	9429679 NG1792N
Nº 25-26	1.164,00	1.164,000	6,534	582,000	58,20	523,80	9429664 NG1792N
Nº 27	789,00	780,745	4,382	390,373	39,04	351,34	9429666 NG1792N
Nº 28	874,00	868,990	4,878	434,495	43,45	391,05	9429665 NG1792N
Nº 29	20,00	20,000	0,112	10,000	1,00	9,00	9429667 NG1792N
TOTAL	16.927,29	17.815,650	100,000	8.907,825	890,78	8.017,04	

PARCELAS DEFINITIVAS

PARCEL A	ADJUDICADA M2	EDIFICABILIDAD	ORDEN.	FINCA APORTADA	CARGAS	IMPORTE	GASTOS Z.VERDES
Nº 1	301,800	241,000	1.3.A	9	3,759	19.238,25	3,388
Nº 2	210,215	210,215	1.3.D	9	2,618	13.400,16	2,360
Nº 3	180,500	180,500	1.3.D	9	2,248	11.505,98	2,026
Nº 4	223,000	223,000	1.3.D	9	2,777	14.215,14	2,503
Nº 5	227,237	227,237	1.3.D	10	0,000	0,00	2,551
Nº 6	227,250	227,250	1.3.D	10	0,000	0,00	2,551
Nº 7	180,000	180,000	1.3.D	25-26	2,242	11.474,11	2,021
Nº 8	235,295	235,295	1.3.D	16	2,931	14.998,89	2,641
Nº 9	230,475	230,475	1.3.D	17	2,870	14.691,64	2,587
Nº 10	231,690	231,690	1.3.D	7	2,886	14.769,09	2,601
Nº 11	187,250	187,250	1.3.D	15	2,332	11.936,26	2,102
Nº 12	187,250	187,250	1.3.D	15	2,332	11.936,26	2,102
Nº 13	180,000	180,000	1.3.D	3-14-29	2,242	11.474,11	2,021
Nº 14	180,000	180,000	1.3.D	14	2,242	11.474,11	2,021
Nº 15	180,000	180,000	1.3.D	23	2,242	11.474,11	2,021
Nº 16	192,050	192,050	1.3.D	3-23-29	2,392	12.242,23	2,156
Nº 17	262,945	262,945	1.3.D	1-5	3,275	16.761,44	2,952

Nº 18	245,670	245,670	1.3.D	1-5	3,060	15.660,24	2,758
Nº 19	223,768	223,768	1.3.D	28	2,787	14.264,10	2,512
Nº 20	180,000	180,000	1.3.D	28	2,242	11.474,11	2,021
Nº 21	180,000	180,000	1.3.D	6	2,242	11.474,11	2,021
Nº 22	180,000	180,000	1.3.D	6	2,242	11.474,11	2,021
Nº 23	180,000	180,000	1.3.D	6	2,242	11.474,11	2,021
Nº 24	189,295	189,295	1.3.D	2-6	2,358	12.066,62	2,125
Nº 25	182,293	182,293	1.3.D	3-21-24-29	2,270	11.620,27	2,046
Nº 26	182,400	182,400	1.3.D	22	0,000	0,00	2,048
Nº 27	180,000	180,000	1.3.D	14	2,242	11.474,11	2,021
Nº 28	180,000	180,000	1.3.D	14	2,242	11.474,11	2,021
Nº 29	230,210	230,210	1.3.D	4-19	2,867	14.674,74	2,584
Nº 30	180,000	180,000	1.3.D	3-20-29	2,242	11.474,11	2,021
Nº 31-A	180,000	180,000	1.3.D	27	2,242	11.474,11	2,021
Nº 31-B	210,372	210,372	1.3.D	27	2,620	13.410,17	2,362
Nº 32	180,300	180,300	1.3.D	11-12	2,246	11.493,23	2,024
Nº 33	182,500	182,500	1.3.D	11-12	2,273	11.633,47	2,049
Nº 34	204,150	204,150	1.3.D	8	2,543	13.013,55	2,292
Nº 35	226,685	226,685	1.3.D	8	2,823	14.450,04	2,545
Nº 36	191,600	191,600	1.3.D	25-26	2,386	12.213,55	2,151
Nº 37	210,400	210,400	1.3.D	25-26	2,620	13.411,95	2,362
Nº 38	300,100	240,000	1.3.D	11-12	3,738	19.129,88	3,369
Nº 39	241,810	241,810	1.3.D	10-11	0,000	0,00	2,715
Nº 40	234,450	234,450	1.3.D	13	2,920	14.945,02	2,632
Nº 41	218,100	218,100	1.3.D	18	2,716	13.902,79	2,448
Nº 42	196,810	196,810	1.3.D	18	2,451	12.545,66	2,209
PARCIAL	8.907,870	8.786,970			100,000	511.819,87	100,000

PARCEL A A	4.159,350	Z.VERDE 1
PARCEL A B	2.047,660	Z.VERDE 2
PARCEL A F	126,950	ESPACIO LIBRE
Z.VERDES	6.333,960	

CESION 10%	M2 C
PARCELA Nº 5	227,237
PARCELA Nº 6	227,250
PARCELA Nº 26	182,400
PARCELA Nº 39	241,810
TOTAL	878,697

PARCEL A C	1.302,565
PARCEL A D	721,600
PARCEL A E	549,700
VIALES	2.573,865
TOTAL	17.815,70

(...)"

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS

1.- Sistema de execución previsto para a execución do planeamento no polígono único Tomada.- O sistema previsto para a execución do planeamento do presente polígono é o de compensación. De acordo co previsto no artigo 154 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Neste sistema os propietarios achegan os terreos de cesión obrigatoria e realizan a súa custa a urbanización nos termos e condicións que se establezcan no plan. Na execución do planeamento polo antedito sistema, deberá observar asemade o disposto nos artigos 157 e seguintes do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, naquelo no que non contradiga o disposto polo lexislación autonómica.

2.- Constancia no expediente da certificación do Rexistro da Propiedade de dominios e cargas.- O abeiro do disposto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de normas complementarias ó regulamento hipotecario, achegouse ó expediente certificación de dominios e cargas. Constan no Rexistro da Propiedade que as parcelas de orixe 2, 10, 20, 23, 27 e 28. No expediente consta notificación individualizada a cada ún dos titulares do dereito de propiedade das anteditas parcelas para os efectos do cumprimento dos artigos 4 e seguintes do real decreto 1093/97, de 4 de xullo.

3.- Consecuencias de aprobación do proxecto de equidistribución.- A aprobación do proxecto de compensación, tendo en conta o disposto no artigo 118 da Lei 9/02, supoñe entre outros efectos os seguintes: a) Transmisión ó municipio, en pleno dominio e libre de cargas, de tódolos terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ó patrimonio municipal do solo ou a súa afectación ós usos previstos no planeamento. b) Subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas, sempre que quede establecida a súa correspondencia. c) Afectación real das parcelas adxudicadas ó cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ó sistema de actuación. Con respecto ós dereitos incompatibles co planeamento (todos os de arrendamento entre eles), prevese a súa indemnización e polo tanto extinción, todo elo de acordo co previsto no artigo 119 da Lei 9/02, de 30 de decembro.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación da “UA 1 Tomada” (expte. 4747/401) tendo en conta a última redacción presentada de novembro de 2007.

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo as parcelas 5, 6, 26 e 39. Así mesmo, dease conta do presente acordo á oficina de patrimonio do Concello de Vigo no senso de dar de alta no inventario xeral de bens as parcelas destinadas a zonas verdes e viario.

27(2221).- ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO ATRIBUÍDO Ó CONCELLO NA U.A. 2 CARRASQUEIRA. DELERACIÓN DE DESERTO. EXPTE. 4725/401.
Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo reunida o día 28 de novembro de 2007, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Declarar deserto o concurso aberto no expediente de contratación administrativa especial para o alleamento do aproveitamento urbanístico correspondente ao Concello integrado no ámbito da UA 2 Carrasqueira (expte. 4725/401).

28(2222).- ALLEAMENTO DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO ATRIBUÍDO Ó CONCELLO NO POLÍGONO DELIMITADO POLAS RÚAS SAN XOAN E PADRE CELSO. SUBSANACIÓN DE ERRO MATERIAL E RETROACIÓN DE ACTUACIÓN. EXPTE. 4750/401.

Vista a proposta da Mesa de Contratación de data 5.12.2007, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Revocar, de conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, o Acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de agosto de 2007 de aprobación do prego de cláusulas administrativas do procedemento de alleamento do aproveitamento urbanístico atribuído ao Concello no polígono delimitado polas rúas S. Xoán e Padre Celso, así como tódalas actuacións posteriores practicadas en execución do mesmo (expte. 4750/401).

SEGUNDO: Remitir o expediente á oficina de Xestión da Xerencia de Urbanismo a fin de que coa debida celeridade se tramite o alleamento do referido aproveitamento urbanístico na forma legalmente establecida.

TERCEIRO: Notifíquese este Acordo aos interesados, coa advertencia de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

29(2223).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS (CONCESIÓN DEFINITIVA):

A) RÚA REAL 50, EXPTE. 143/431.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación e do concelleiro delegado de Cascos Históricos, de data 12.12.2007, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 12/12/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación de elementos comúns do edificio localizado en R./ REAL 50, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado 09 de marzo de 2007 (Remate 4ª, 5ª e 6ª fases).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente aos propietarios/inquilinos do listado axunto as cantidades de axuda máxima que figuran no listado, co financiamento correspondente do Ministerio de Vivenda e da Consellería da Vivenda e Solo.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Max Protexíbel	Acep IGVS	Axuda máx.	Axuda proposta	Min.Fo m.	IGVS
Juan José González Quintana	77001260 C	REAL 50 1º	10293,42	14.139,54	6010,12	6010	3.005	3.005
Jorge Francisco Rodríguez Torres	36108655 N	REAL 50 2º	12.078,15	14.139,54	6010,12	6010	3.005	3.005
José Luis Calviño Fernández	34626530 F	REAL 50 3º	14.659,39	14.139,54	6010,12	6010	3.005	3.005
TOTAL				42.418,62		18030	9.015	9.015

TERCEIRO.- Conceder definitivamente as cantidades de axuda devandita con cargo á partida 4320.7800400 da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo aos interesados, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

29(2224).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS (CONCESIÓN DEFINITIVA):

B) RÚA REAL 50, 2º EXPTE. 195/431.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación e do concelleiro delegado de Cascos Históricos, de data 12.12.2007, e co conforme do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 12/12/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ REAL 50, 2º, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09 de marzo de 2007 (Remate 4ª, 5ª e 6ª fases).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Jorge Francisco Rodríguez Torres (DNI/NIF nº 36108655N) a axuda de 10000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 5.000,00 euros e pola Consellería da Vivenda e Solo na cantidade de 5.000,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 10000 euros con cargo á partida 4320.7800600 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

29(2225).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS (CONCESIÓN DEFINITIVA):

C) RÚA REAL 50,3º. EXPTE. 196/431.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación e do concelleiro delegado de Cascos Históricos, de data 12.12.2007 e o conforme do Interventor Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 12/12/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ REAL 50, 3º, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado 09 de marzo de 2007 (Remate 4ª, 5ª e 6ª fases)

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a José Luis Calviño Fernández (DNI/NIF nº 34626530F) a axuda de 10000 euros que será financiada polo Ministerio de Vivenda na cantidade de 5.000,00 euros e pola Consellería da Vivenda e Solo na cantidade de 5.000,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 10000 euros con cargo á partida 4320.7800600 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

30(2226).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A REVSA S.L CONSTITUÍDA PARA RESPONDER POR CANALIZACIÓN NAS RÚAS RIVERA ATIENZA E FONTÁNS. EXPTE. 53799/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 11.12.07, conformado pola concelleira delegada do Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por REVSA S.L. de data 11/10/07, en relación a fianza depositada en data 01/02/07, para responder dos danos que puderan ocasionarse por execución de canalización nas Rúas reseñadas, constando copia do depósito da mesma no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 11 de decembro de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución da fianza a REVSA S.L., constituída na data reseñada, polo importe de 101,14 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución da fianza a REVSA S.L., constituída na data reseñada, polo importe de 101,14 euros.

31(2227).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, POLA OBRA CONSOLIDACIÓN, REXENERACIÓN E AUMENTO DE SUPERFICIE ÚTIL NAS PRAIAS DE VIGO. EXPTE. 52242/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, do 11.12.07, conformado pola concelleira delegada do Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. de data 19/11/07, en relación o aval constituído en data 20.01.1994, para responder dos danos que poideran ocasionarse pola obra executada nas praias pola empresa OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, e constando na conta 650 do PXCP da Admón. Local, contabilizado un aval, co nº de referencia 199400000044, por importe de 17.963,07 €. execución de canalización nas Rúas reseñadas, constando copia do depósito da mesma no presente expediente.

Visto o informe do xefe do Área de Servizos Xerais, de data 11 de decembro de 2007, onde determina que as obras foron executas axeitadamente, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución do aval a Obras y construcciones Dios S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 17.963,07 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a Obras y construcciones Dios S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 17.963,07 €.

32(2228).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MAQUINARIA CON OPERADOR PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 53947/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta asinado en data 8 de novembro de 2007 polo enxeñeiro xefe e polo xefe administrativo de Vías e Obras, conformado pola concelleira-delegada da área de Servizos Xerais e Vías e Obras e pola Intervención Xeral en data 10-12-07, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aproba-lo Prego de prescripción técnicas para a contratación do servizo de maquinaria cos correspondentes operadores para o Concello- Servizo de Vías e Obras, redactado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras

Segundo.- Aproba-lo Prego de condicións administrativas particulares e o seu Anexo 1 (Relación de máquinas e prezos) elaborado pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso do servizo de maquinaria cos correspondentes operadores para o Concello- Servizo de Vías e Obras .

Terceiro.- Autoriza-la tramitación do expediente como anticipado de gasto para a contratación do referido servizo por un importe máximo de 500.000,00 € e con cargo á partida 5110.210.00.00 do presuposto coa seguinte imputación presupostaria : Ano 2008: 250.000,0 € e ano 2009: 250.000,00 €

Cuarto.- Abri-lo procedemento licitatorio convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33(2229).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL AGLOMERADO PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 54057/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta asinado en data 11 de novembro de 2007 polo enxeñeiro xefe e polo xefe administrativo de Vías e Obras, conformado pola concelleira-delegada da área de Servizos Xerais e Vías e Obras e pola Intervención Xeral en data 10-12-07, a Xunta de Goberno Local, acorda:

Primeiro.- Aproba-lo prego de prescripcións técnicas para o contrato de “ Subministro de mesturas bituminosas e emulsións para o Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo ” elaborado por dito servizo.

Segundo.- Aproba-lo prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de servizos Xerais e vías e Obras para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso o “ Subministro de mesturas bituminosas e emulsións para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo ”.

Terceiro.- Autorizar o gasto de 1000.000,00 euros para a contratación do “ Subministro de mesturas bituminosas e emulsións para o servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo ” con cargo á partida 5110.210.00.00 do presuposto do seguinte xeito:

Con cargo ó presuposto 2008: 500.000,00 €

Con cargo ó presuposto 2009: 500.000,00 €

Cuarto.- Autoriza-la tramitación do expediente como anticipado de gasto e comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios de 2008 e 2009 os créditos necesarios para facer fronte os gastos do contrato

Quinto.- Abri-lo procedemento licitatorio, polo procedemento ordinario, convocando o concurso para

a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

34(2230).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO DA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 3057/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 29.10.07, conformado pola concelleira delegada de Igualdade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a realización do “Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do Programa Oficial de Posgrao en Estudos de Xénero da Universidade de Vigo”.

2º.- Autorizar á Concelleira delegada de igualdade para que o asine en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 6.000.-€ (seis mil euros) con cargo á partida presupostaria 463.2.489.0007 do orzamento vixente da concellería de igualdade en concepto de execución do convenio.

4º Aprobar o texto que de seguido se transcribe:

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO : PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil sete.

REÚNENSE:

Dunha parte, o Excmo. Sr. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño, publicado no DOG. nº 115 de 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicados no DOG, nº 237, do 5 de decembro de 2003, con domicilio social no Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende, Vigo, código postal 36310 de Vigo.

E doutra, D.ª Iolanda Véloso Ríos, como Concelleira delegada da Área de Igualdade de Vigo, con CIF P-3605700-H e razón social Excmo. Concello de Vigo.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial e, en concreto ás do sector das necesidades presentadas polas mulleres, constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Segundo: O complemento que para a formación do estudantado supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario un maior achegamento entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos/as universitarios/as mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas nos servizos municipais da área de igualdade, logrando á vez a mellor

cualificación e futura adaptación aos postos de traballo demandados polas empresas do sector e polas institucións e organizacións que atenden a mulleres.

Cuarto: A impartición do “programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero” pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

Quinto: Todo isto evidencia a necesidade dun acordo que enmarque a cooperación educativa de ambas institucións e delimita as garantías recíprocas para os/as estudantes do devandito máster/curso de posgrao e as empresas do sector público no desenvolvemento do período de prácticas que se contemplan no mesmo, co fin de eliminar os riscos de actuación con relacións xurídico-laborais alleas ao contido educativo deste acordo no marco do Real Decreto 1497/81 do 19 de xuño, actualizado polo R.D. 1845/94 de 9 de setembro.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor das seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre as dúas entidades para fomentar a investigación, a formación en estudos feministas dende unha perspectiva interdisciplinaria, a incorporación da óptica feminista en todas as áreas de coñecemento e a constitución dunha plataforma de reflexión tanto no ámbito académico como en toda a sociedade dende perspectivas feministas que apoien o proceso de incorporación das mulleres, en condicións de plena igualdade, nas diversas facetas da vida económica, social e cultural do Concello de Vigo. Con esta finalidade o Concello de Vigo comprométese, nos termos previstos no presente convenio, ao financiamento de actividades conxuntas do 2º curso do Posgrao en Estudos de Xénero e a realización de prácticas do alumnado en servizos dependentes da Concellería de Igualdade.

SEGUNDA.- PRÁCTICAS DO ALUMNADO

O Concello de Vigo e a Universidade de Vigo acordan establecer un programa para a realización de prácticas profesionais dos/as estudantes do 2º curso do “Posgrao en Estudos de Xénero” de acordo coas seguintes normas:

- *Poderán participar nas prácticas os/as estudantes do citado curso de posgrao impartido durante o curso 2007-2008.*
- *O tempo de realización de prácticas por parte de cada estudante non será inferior a 90 horas, realizándose nos horarios habituais de cada un dos servizos adscritos.*
- *As prácticas realizaranse en algún dos servizos de atención a mulleres dependentes da concellería de Igualdade do Concello de Vigo: Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e Oficina da concellería de Igualdade.*
- *O contido específico das prácticas tratará de proporcionarlle ao/á estudante unha visión global da área municipal de Igualdade.*
- *A duración, calendario e horario das prácticas precisarase coa Concellería de Igualdade no marco do presente convenio.*
- *A Concellería de Igualdade designará un/ha titor/a que se encargará do seguimento das prácticas, propulsará a súa realización e emitirá informe sobre o seu contido e avaliación.*

- O/A estudante en prácticas non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral con Concello de Vigo, nin terá a consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe a tempo parcial ou calquera modalidade existente, de acordo co previsto no R.D. 1497/81 de 19 de xuño, modificado polo R.D. 1845/1994 de 9 de setembro, e no R.D. 2317/93 de 29 de novembro.
- A dirección do curso de posgrao subscribirá, previo ao inicio das prácticas dos/as estudantes, unha póliza de seguros que cubra os riscos de accidente profesional dos mesmos durante as prácticas, incluíndo os desprazamentos ida e volta ao servizo onde realiza as prácticas, así como os que puideran producirse cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas.
- O Concello de Vigo non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo cun/ha estudante en prácticas. Igualmente, non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo co/a estudante mentres non se derroque expresamente o acordo de colaboración respecto dese/a estudante en concreto, comunicándollo por escrito á Comisión de Seguimento.

TERCEIRA.- IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo comprométese a aportar a cantidade de 6.000.-€, con cargo á partida orzamentaria 463.2.4890007 e bolsa de vinculación xurídica do vixente presuposto a favor da Universidade de Vigo en concepto de axuda para a realización das actividades que se desenvolvan no 2º curso do programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero, no ámbito de aplicación do presente convenio de colaboración e de acordo coa finalidade e obxectivos especificados na cláusula primeira.

A axuda se porá a disposición da Universidade de Vigo, nun só pago con cargo ao crédito orzamentario da concellería de igualdade no exercicio 2007, e deberá ser xustificado previamente coa relación de alumnos e alumnas matriculados/as polo órgano competente da Universidade, así como mediante a presentación de documentos orixinais de aplicación dos fondos concedidos para a efectividade da subvención, segundo o indicado pola Universidade de Vigo no anexo V, que xustifiquen o 100% do importe da axuda.

CUARTA.- COMPROMISO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1º.- Como contrapartida á axuda concedida, a Universidade de Vigo porá a disposición da Concellería de Igualdade 50 prazas gratuítas para a asistencia a un número máximo de 4 clases maxistras organizadas no marco do programa oficial de posgrao e que serán previamente consensuadas entre ambos organismos. A dirección oficial do Posgrao en Estudos de Xénero comunicará coa debida antelación ao Concello as datas e horarios das devanditas clases para que por parte do Concello se poida realizar a difusión da actividade e a procura das instalacións para a realización de cada unha das clases maxistras.

2º.- A Universidade de Vigo comprométese a presentar ante a concellería de igualdade un proxecto relativo ás actividades a desenvolver no ámbito deste convenio:

Dito proxecto constará dos seguintes apartados:

- .- Anexo I: Denominación do programa, obxectivos, xustificación social e académica
- .- Anexo II: Plan de Estudos do Programa Oficial de Posgrao
- .- Anexo III: Alumnado matriculado no curso de posgrao
- .- Anexo IV: declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actividade.

3º.- A Universidade de Vigo comprométese a destinar ós fins acordados o financiamento que destine o Concello de Vigo, destacando en lugares ben visibles o seu patrocinio en todos os carteis, folletos, actos académicos e científicos, comunicacións de todo tipo, prensa, radio, televisión, internet, videoconferencias, etc, derivados do funcionamento e desenvolvemento do programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero, así como nas publicacións que resulten dos seus traballos.

QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De Conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelarán a persoa allea ao servizo municipal de igualdade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte ó Concello de Vigo, sen prexuízo das responsabilidades que

por igual causa puideran derivarse a Axencia Española de Protección de datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa Concellería de Igualdade un documento no que se obriga a cumprir o deber de secreto antes citado.

SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por D/na. Purificación Mayobre Rodríguez e D/na. Beatríz Suárez Briones como representantes da Universidade de Vigo e por D/na. Iolanda Veloso Ríos, concelleira delegada de Igualdade e D/na. Cristina Gómez García, técnica do Departamento municipal de Igualdade, representantes de Concellería de Igualdade do Concello de Vigo coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e propondrá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia dun ano dende a data da sinatura do mesmo. Serán gastos subvencionables os que se produzan durante todo o exercicio 2007 e se correspondan cos gastos de organización das actividades incluídas no proxecto da Universidade de Vigo.

OITAVA.- INTERPRETACIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias serán resoltas pola Comisión Mixta de Seguimento.

NOVENA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- .- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- .- A desviación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- .- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo*
- .- O impedimento ou a dificultade á inspección do Concello no caso de que esta se produza.*
- .- Calquera outra causa que impida a correcta aplicación do convenio.*

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

35(2231).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A AUXILIARES ADMINISTRATIVAS DA UNIDADE DE INTERVENCIÓN E CONTABILIDADE. EXPTE. 17946/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 14 de decembro de 2007, emitido pola técnica de RR.HI, coa conformidade da xefa da Unidade de Persoal e do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Recoñecer e aboar ás auxiliares administrativas adscritas á Unidade de Intervención e Contabilidade, D^a Begoña Villar González (núm. Persoal 23805) e D^a Carolina Vicente Rodríguez (núm. persoal 22119), un complemento de produtividade por importe de 1.000,00 € a cada unha delas, pola encomiable dedicación e interese demostrado no desenvolvemento das funcións asignadas ao longo do ano 2007.”

36(2232).- PRÓRROGA DO PERSOAL DA OFICINA MUNICIPAL DE EMIGRACIÓN. EXPTE. 26907/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 29 de novembro de 2007, emitido polo xefe da Área de Acción Social, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Benestar Social e o intervido e conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a prórroga de persoal da Oficina Municipal de Emigración, de acordo co Convenio coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atendendo ó informe da Xefa da Unidade de Persoal de data 14 de decembro de 2006, e o informe do Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno, ata o 31.12.2007. Dito persoal será: Avogada: Paula Piñeiro Portela; Traballadora Social: Rosario Romero Baamonde; Administrativa: Nuria González González.

37(2233).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN “ERGUETE” PARA DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA DE APOIO RESIDENCIAL PARA DROGODEPENDENTES PACIENTES DE CEDRO. EXPTE. 26483/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 10.12.07 e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Acción Social, do 3.12.07, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa “Asociación de Ayuda al Toxicómano Erguete”, para o desenvolvemento dun Programa de Apoio Residencial para usuarios de CEDRO (Pisos de Apoio ó Tratamento) e dos programas de prevención de drogodependencias e promoción da saúde: “Formación de profesionais do Sistema Educativo e familiares de Alumnos/as” e “Formación e Intervención coa Policía Local” na cidade de Vigo para este ano 2007 e ano 2008.

2º.- Aprobar o gasto de 90.000 € con cargo á partida 41234890000, dos cales 45.000 € irán con cargo á partida 41234890000 do exercizo 2007 e os restantes 45.000 € irán con cargo á partida 41234890000 do exercizo 2008.

3º.- Delegar a competencia de asinar este convenio a D^a. María Xosé Méndez Piñeiro, concelleira delegada de Benestar Social.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA ÓS TOXICÓMANOS “ÉRGUETE” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, CONSISTENTE NO APOIO RESIDENCIAL PARA PACIENTES DROGODEPENDENTES E OUTRAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

En Vigo, a de de 2007

Reunidos:

Dunha parte, D^a María Xosé Méndez Piñeiro, na súa calidade de Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, por Decreto de delegación de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007, autorizada para asinalo presente convenio por acordo da Xunta de Goberno Local de data

E doutra, D. Manuel Álvarez Vilar, na súa calidade de Presidente da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior.

Ambas partes segundo acordo:

E X P O Ñ E N

Primeiro.- Que o Concello de Vigo ven prestando servicios sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas por medio da Unidade Asistencial de Drogodependencias CEDRO, autorizada por Resolución da Consellería de Sanidade de data 27/12/93, en cumprimento do establecido na Orden de 7 de xullo de 1988 (D.O.G. nº 195, de 10 de outubro).

Segundo.- Que a Asociación “Érguete” de axuda ó toxicómano, inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, ven desenvolvendo as súas actividades no campo das drogodependencias cunha presenza moi activa, arraigada e con prestixio, levando a cabo diversos programas de axuda, figurando inscrita como entidade prestadora de servicios sociais na Xunta de Galicia, configurándose como un apoio fundamental na parte asistencial. Así mesmo “ÉRGUETE” foi declarada de Utilidade Publica polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo.

Terceiro.- O obxectivo final de calquera programa de tratamento na área das drogodependencias é axudar ós pacientes a conseguir grados de autonomía persoal que lles permita desenvolver estilos de vida mais saudables e normativos. Desde este principio, o traballo asistencial dirixido a promove-la incorporación social, educativa e laboral dos pacientes constitúese nun pilar fundamental para a obtención de resultados estables a medio e largo prazo.

Os programas de intervención da área social das Unidades Asistenciais de Drogodependencias (UADs) sopórtanse, nunha gran medida, mediante a coordinación cos recursos sociais xerais. Desta maneira, e a pesar da desproporción entre demanda e recursos, conséguese atender parte da grave problemática social normalmente asociada ás drogodependencias.

Sen embargo, algúns aspectos básicos para a incorporación dos pacientes son de difícil abordaxe desde esta rede xeral de asistencia social. Un exemplo encontrámolo no obxectivo terapéutico de maduración persoal, laboral e social; necesaria para lograr niveis adecuados de autonomía. O traballo terapéutico dirixido á interiorización de aspectos tales coma a hixiene e autocoidado, a alimentación, os ritmos sono-vixilia, os hábitos laborais e de ocio saudables, as habilidades sociais, a planificación e administración de recursos, entre outros, son de difícil abordaxe desde os dispositivos de tipo ambulatorio. Para traballar nestes obxectivos, resulta de especial interese contar con recursos específicos de apoio para drogodependentes en tratamento.

A Rede Asistencial de Drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas conta con recursos de tipo semi-residencial (Unidades de Día – Uds) e residencial (Comunidades Terapéuticas – CTs). Especialmente este último tipo, aínda de réxime cerrado e con prazas insuficientes, permite un traballo intensivo sobre as áreas necesarias para lograr obxectivos dirixidos á autonomía. A Rede non conta con dispositivos propios de apoio residencial en réxime aberto, pero algúns dispositivos asistenciais contan co apoio de recursos do tipo de pisos de acollida e terapéuticos xestionados por ONGs.

Cuarto.- O proxecto no cal se inserta este convenio pretende, dunha parte fomentar o desenvolvemento de programas de apoio residencial para pacientes que realizan tratamento da súa drogodependencia, como é o caso da UAD “CEDRO”, dispositivo asistencial xestionado polo Concello de Vigo, mediante convenio de colaboración coa Consellería de Sanidade no marco do Plan de Galicia sobre Drogas; doutra, poñer en marcha de Programas de Prevención de Drogodependencias e Promoción da Saúde na área de Vigo.

Quinto.- Que a Asociación “ÉRGUETE” configúrase como un apoio fundamental na parte asistencial a persoas con problemas de drogodependencia e dispón, na actualidade, en pleno funcionamento, de dous pisos cun total de 14 prazas entre homes e mulleres, dotados de persoal e medios necesarios para o cumprimento dos fins do programa de Apoio Residencial a estas persoas.

O Concello de Vigo estima a idoneidade deste recurso para a atención a persoas con problemáticas relacionadas coas drogodependencias, en particular ó dispoñer dunha Unidade Asistencial como é CEDRO.

Sexto.- Así as cousas, o Concello de Vigo e a Asociación “ÉRGUETE” pretenden articula-la súa colaboración nesta materia co dobre obxectivo citado: o apoio, por parte do Concello, da creación de prazas residenciais terapéuticas para persoas maiores de idade que se atopen en programas asistenciais de tratamento de drogodependencias, particularmente as que o fan na Unidade Asistencial CEDRO por ser un recurso dependente deste, e, por outra, propiciar a posta en marcha de Programas de Prevención de Drogodependencias e Promoción da Saúde na área de Vigo: “Formación de Profesionais do Sistema Educativo e Familiares de Alumnas/os” e “ Formación e Intervención coa Policía Local”.

A creación das devanditas prazas residenciais servirá ó desenvolvemento do programa de apoio residencial. Os programas preventivos ampliarán a gama de intervencións que se desenvolven na cidade e que este Concello apoia a traveso do Plan Local de Drogodependencias e outras accións.

Con estos antecedentes, as partes asinan o presente convenio con arranxo as seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Os obxectivos xerais do programa cínguense ós seguintes:

- Facilitar o apoio residencial para o bo seguimento do tratamento.
- Contribuír á inserción social, laboral e persoal de pacientes con alto risco de exclusión.

Coma obxectivos específicos sinálanse:

- Fomentar habilidades sociais como a convivencia e a responsabilidade.
- Aumenta-la capacidade laboral a través de formación e busca activa de emprego.
- Potencia-la independencia económica e polo tanto persoal.
- Eliminar prexuízos persoais sobre actitudes sociais.

Os obxetivos xerais dos Programas de Prevención de Drogodependencias e Promoción da Saúde cínguense os seguintes:

Formación de Profesionais do Sistema Educativo e Familiares de alumnas/os

- Dar unha información adecuada sobre o fenómeno do uso e abuso de drogas, axudando a unha comprensión máis ampla, obxectiva e desprovista de dramatismos.
- Dotar de estratexias de intervención en prevención que permitan os axentes implicados actuar como axentes preventivos.

Formación e Intervención coa Policía Local

- Favorecer a adquisición de habilidades e coñecementos en materia de drogodependencias e outros trastornos adictivos por parte da Policía Local da Cidade de Vigo.

SEGUNDA.- O programa de apoio residencial, así como a normativa ou regulamento que servirá para o seu funcionamento, protocolo de derivación e consentimento informado, achégase como anexo I ao presente convenio.

O programa de “Formación de Profesionais do Sistema Educativo e Familiares de alumnos/as” e de “Formación e Intervención coa Policía Local” achégase como anexo II ao presente convenio.

TERCEIRA.- Coas finalidades máis arriba sinaladas, o Concello de Vigo subvencionará a Asociación ÉRGUETE coa cantidade de 90.000 euros.

O Concello se reserva a facultade de solicita-las axudas que estime oportunas, axustándose ó principio de adicionalidade.

O pago realizarase da seguinte forma;

- un 50 % do importe total, é dicir 45.000 euros, tras da sinatura do presente convenio, en concepto de anticipo,
- un 25% adicional no mes de xuño de 2008, é dicir 22.500 euros
- e o 25% restante, 22.500 euros, no mes de decembro de 2008, contra a xustificación do total do gasto e memoria anual.

Os abonos realizaranse contra a presentación da certificación de cumprimento do convenio, asinada pola dirección de U.A.D. "CEDRO" e a Xefatura da 7 rea, previa xustificación da subvención nos termos dos artigos 30 da Lei 28/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CUARTA.- ÉRGUETE non poderá concertar con terceiros a execución das actuacións ás que se obriga a virtude do presente convenio.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables aqueles que correspondan ás actuacións comprendidas dentro dos obxectivos do programa a que responde o presente convenio, sinalados na cláusula primeira.

SEXTA.- Dentro do programa de apoio residencial, a Asociación "ÉRGUETE" reservará sete prazas residencias, coas características do anexo I, a favor de persoas que se atopen nun programa asistencial de tratamento de drogodependencias na Unidade Asistencial Cedro

Ámbalas dúas partes deixan constancia de que se durante a vixencia do presente convenio as circunstancias e a demanda o aconsellaran, poderase ampliar de mutuo acordo o número de prazas reservadas a favor das persoas asistidas pola Unidade Asistencial Cedro coa conseguinte ampliación da subvención se as posibilidades orzamentarias o permitisen e previos acordos oportunos.

SÉTIMA.- O presente convenio non suporá, en ningún caso, relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo, do persoal de "ÉRGUETE" que preste os seus servizos de apoio residencial ás persoas que se atopen nun programa asistencial de tratamento de drogodependencias e, por suposto, tampouco, cando ó servizo se preste a persoas que se atopen nun programa asistencial na Unidade Asistencial Cedro.

Da mesma forma "ÉRGUETE" responsabilízase das obrigas laborais que lle correspondan en relación co seu persoal que presta os servizos de apoio residencial, así como da cobertura de responsabilidade civil e seguro de incendio e riscos en xeral.

OITAVA.- A Asociación ÉRGUETE comprométese a entregar antes do 31 de xaneiro de 2008, e de 2009, unha memoria completa de actividades, así como un cadro cos datos estatísticos xerados polo desenvolvemento do programa.

NOVENA.- Ademais das obrigas que a virtude deste convenio asume expresamente a Asociación ÉRGUETE, serán, en xeral, obrigas da beneficiaria da subvención as consignadas nos artigos 14 LXS e 11 LSG.

DÉCIMA.- A UAD de Cedro, facilitará o apoio técnico necesario para as actividades terapéuticas que se desenvolvan.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos do convenio así como para resolver as controversias, dúbidas ou interpretacións do mesmo, crearase unha Comisión Mixta de seguimento que estará integrada por dous representantes por cada unha das partes asinantes, sendo presidida pola Sra. Concelleira de Benestar Social, ou persoa na que delegue. Os representantes do Concello de Vigo, serán nomeados pola citada concelleira.

DÉCIMO SEGUNDA.- O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata o 31 de

decembro de 2008, sempre que os orzamentos do ano 2008 contemplan crédito para o mesmo fin e sen que deste convenio se derive obriga algunha para o Concello-Pleno de aprobar tal partida orzamentaria nos devanditos orzamentos do ano 2008.

DÉCIMO TERCEIRA.- Serán, finalmente, de aplicación ó presente convenio as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez do convenio (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse”.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicados no encabezamento.

38(2234).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E IFEVI PARA A ORGANIZACIÓN DAS NECESIDADES CARA A CELEBRACIÓN DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BALONMÁN NO RECINTO FEIRAL DE VIGO. EXPTE. 7395/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 12 de decembro, emitido polo director deportivo do IMD, coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o convenio para a organización do Campionato de España de Balonmán, así como a realización das montaxes previstos antes das datas de celebración do campionato (2 e o 8 de xaneiro de 2008) entre o Concello de Vigo e a Fundación IFEVI, co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Aprobar o gasto de 110.000,00 euros (cento dez mil euros) a favor da entidade; Fundación IFEVI con CIF G36845832. Con enderezo en avda. Aeroporto-Cotogrande. Vigo con cargo á partida 4521.226.08.00 -organización de actividades deportistas-, do vixente orzamento.

Terceiro.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE LOCAL.

En Vigo, a de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte: D. Francisco Xavier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo.

Doutra parte: D Arsenio Prieto Martínez, con D.N.I. 32.400.664-N, Director Xerente da Fundación IFEVI, CIF G36845832. Con enderezo en avda. Aeroporto-Cotogrande. Vigo

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O IFEVI e unha Fundación declarada de interese industrial por Orde da CONSELLARÍA da Presidencia e Administración pública de 7 de marzo de 2000 e de interese galego por orden da Consellería de Industria e Comercio de 30 de marzo de 2000, polo que tendo en conta a encomenda do Concello de Vigo por parte da Consellería de Cultura e Deporte da colaboración na coorganización de todos os requisitos previos vinculados as tarefas de montaxe dos materiais deportivos e necesarios para o desenvolvemento do campionato de España de referencia.

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo ten asinado un convenio de colaboración coa Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia para a organización conxunta do Campionato de España de Deporte Escolar en Vigo

Atendendo as peculiaridades descritas no convenio e as características do evento deportivo a organizar, o único lugar existente na cidade para poder realizar o evento son as instalacións do recinto ferial de Vigo (IFEVI), tal como tamén se recolle no propio convenio asinado entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Vigo, por todo isto se establecen as seguintes:

PRESCRICIÓNS

Primeira.- O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Consellaría de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación IFEVI para a execución das necesidades previas de montaxe de todos os requirimentos precisos para adecuar as instalacións do Recinto Ferial de Vigo nunha instalación que posibilite a celebración do Campionato de España de Balonmán de Deporte escolar en base ao contido no presente Convenio.

Segunda.- Para o desenvolvemento do campionato de España de referencia, propónse a realización do presente Convenio de colaboración entre a Consellaría de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación “Instituto Ferial de Vigo “ (IFEVI) en base o artigo 3, do RDL 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no marco da condición propia da Fundación IFEVI que contempla por un lado a característica de Fundación de interese Galego e por outro tamén a exclusividade existente como o manifesta a propia Consellaría de Cultura e Deporte en relación a ser as instalacións do propio recinto ferial de Vigo as únicas que reúnen os requisitos básicos para a organización do Campionato de España de Balonmán adjudicado polo Consello Superior de Deportes en resolución do 26 de novembro de 2007 a Cidade de Vigo, en base á existencia destas instalacións e a súa experiencia organizadora.

Terceira.- A Fundación IFEVI, comprométese a execución das seguintes tarefas previas ao montaxe do campionato en relación os seguintes requirimentos técnicos e características descritas nos anexos I e II:

- *Cesión do uso das instalacións necesarias para a montaxe entre as datas do 18 de decembro e o 27 de decembro.*
- *Montaxe de 6 pistas de balonmán nas instalacións. Tres na nave 3 e 3 na nave 2, según o plano que se adxunta no anexo I.*
- *Montaxe de graderíos nas pistas según o anexo.*
- *Montaxe de unidades modulares como vestiarios para os equipos. 16 para nenos e 16 para nenas, así mesmo ubicaranse os módulos necesarios para os árbitros.*
- *Instalación de moqueta, redes, paneis para dividir espazos, según se detalla no plano adxunto.*
- *Montaxe de mesas, cadeiras nas 6 pistas para adecuar as necesidades dos arbitrxes e banquillos dos equipos.*
- *Montaxe dos marcadores electrónicos.*

O IFEVI responsabilizarase das necesidades de vixilancia e limpeza do recinto para o perfecto estado das instalacións.

Cuarta.- O Concello de Vigo comprométese a:

- *Facilitar a Fundación IFEVI os seguintes materiais:*
 - a.- 6 pistas de balonmán.

b.- 8 xogos de porterías de balonmán.

c.- 6 marcadores electrónicos.

d.- Colaboración técnica do persoal da área de deportes para o seguimento técnico do montaxe.

Aportar a cantidade de 110.000,00 euros (cento dez mil euros) a Fundación IFEVI, en base a colaboración do Concello de Vigo na execución das tarefas que defínense no presente convenio para posibilitar a realización do Campioantao de España de Balonman de Deporte Escolar, con cargo a partida 4521.226.08.00 do orzamento vixente

Quinta.- A Vixencia deste convenio establece ata o 27 de decembro, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación dentro deste prazo.

Sexta.- A Fundación IFEVI presentará unha memoria para a xustificación das tarefas realizadas en base o proxecto presentado.

O órgano instructor poderá solicitar, de ser o caso maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá de ser o caso comprobar a correcta realización das tarefas previstas neste Convenio.

O Técnico responsable do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, encargado do seguimento do presente convenio, certificará a adecuada xustificación do presente convenio mediante a emisión dun informe no que se poña de manifesto de forma expresa o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas circunstancias que imposibiliten a xustificación do mesmo.

Sétima.- Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Fundación IFEVI deberá de xuntar ademais da memoria que recolla as actuacións feitas unha factura orixinal que corresponda os traballos realizados en relación a prescrición número 4 do presente convenio e polo importe do mesmo.

Oitava.- O incumprimento de calquera das prescricións deste convenio poder ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio

Novena.- O concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar posibles controversias da execución e interpretación do convenio.

Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos asinantes, subscriben este Convenio.

39(2235).- CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL E O CONCELLO EN RELACIÓN CO USO DO ESTADIO DE BALAÍDOS PARA A CELEBRACIÓN DOS ENCONTROS DAS SELECCIÓNS GALEGAS DE FÚTBOL, MASCULINA E FEMININA DAS SELECCIÓNS DE CAMERÚN E CATALUÑA. EXPTE. 7375/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 27 de novembro emitido polo director técnico do IMD; coa conformidade do concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio que rexerá entre a Concello de Vigo e a Federación Galega de Fútbol para a celebración dos encontros de fútbol entre as Seleccións Galegas masculina e feminina de fútbol e as de Camerún e Cataluña, respectivamente, co texto que se transmite o final deste acordo.

SEGUNDO.- Habilitar ao concelleiro-delegado de Deportes do Concello de Vigo, D. Francisco Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

CONVENIO ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE FUTBOL E O CONCELLO DE VIGO EN RELACIÓN CO USO DO ESTADIO BALAIÓDOS PARA A CELEBRACIÓN DOS ENCONTROS DAS SELECCIÓN GALEGAS DE FÚTBOL MASCULINA E FEMININA, DÍANTE DAS SELECCIÓN DE CAMERÚN E CATALUÑA, RESPECTIVAMENTE.

Dunha parte D. Francisco Xabier Alonso Pérez, Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo, por autorización do alcalde segundo decreto de data 5 de xullo de 2007.

Doutra parte, D. Carlos Meana Pereiro, Presidente da Federación Galega de Fútbol.

Interveñen ambos os dous coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

MANIFESTAN

A súa vontade de cooperación para o bo desenvolvemento do encontro de fútbol entre a Seleccións Galegas Masculina e Feminina da especialidade e as Seleccións de Camerún e Cataluña, respectivamente; para o que o uso do Estadio de Balaídos constitúe un elemento fundamental.

En consecuencia,

CONVEÑEN

1º.- O Concello de Vigo cede o uso gratuíto do Estadio Municipal de Balaídos e os seus servizos á Federación Galega de Fútbol como Entidade organizadora, para a preparación e desenvolvemento dos encontros de fútbol entre as Seleccións Galegas Masculina e Feminina da especialidade e as Seleccións de Camerún e Cataluña respectivamente. Dito uso enténdese para o día 27 de decembro do presente ano, data de celebración dos encontros, máis os días necesarios do mes de decembro adicados á preparación e arranxos da instalación que corran por conta da Federación Galega de fútbol, de acordo co que se recolle no punto 7º, así como os adestramentos previos ao partido por parte de das seleccións participantes.

Autorízase á Federación Galega de Fútbol ao cobro de entrada no evento obxecto deste convenio, no seu beneficio.

2º.- O Concello de Vigo concede con carácter gratuíto á Federación Galega de Fútbol a explotación da publicidade estática no Estadio Balaídos, ben por si mesma ou a través de calquera empresa ou Entidade legalmente constituída. Dita concesión non superará o tempo especificado no punto anterior. Esta autorización será consensuada co actual xestor do Campo, o Real Club Celta de Vigo.

3º.- A publicidade que se expoña no Estadio de Balaídos deberá cumprir coa legalidade vixente e colocarse na súa totalidade no interior do mesmo, de ningún xeito na fachada exterior, situándose nos espazos que o Concello e o actual xestor do campo determinen.

O Concello resérvase o dereito de situar publicidade institucional nos espazos que a Federación Galega de Fútbol non utilice, comunicándollo coa debida antelación a Federación Galega de Fútbol. .

Por outra parte, a totalidade da mencionada publicidade correspondente a Federación Galega de Fútbol deberá ser retirada, por conta da Federación Galega de Fútbol no prazo dunha semana despois da celebración do encontro.

4º.- Autorízase, con carácter gratuíto, á Federación Galega de Fútbol a explotación, ben de forma directa ou a través dalgunha entidade legalmente constituída, dos bares do Estadio de Balaídos incluído o situado no antepalco da presidencia.

De todos os xeitos a Federación Galega de Fútbol responsabilízase de cumprir minuciosamente as disposicións legais vixentes en materia de venda de alcohol e outros.

A concesión que o Concello fai en relación con este punto enténdese exclusivamente para a organización e desenvolvemento do partido de fútbol obxecto deste Convenio.

5º.- Autorízase á Federación Galega de Fútbol a explotación dos dereitos que se deriven dos contratos que estime oportuno facer coas Televisións e radios, en calquera das súas canles así como, coa prensa escrita, sendo da súa responsabilidade, en consecuencia, a autorización de acceso dos medios informativos mencionados á instalación nos días sinalados no punto 1º deste convenio.

6º.- Para a organización e desenvolvemento dos partidos de fútbol entre as Seleccións Galegas Masculina e Feminina e os seus respectivos rivais a Federación Galega de Fútbol disporá ao seu cargo, de todos os medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento do mesmo, e das instalacións do Estadio en xeral, e en particular dos servizos de orde interior, ademais dos de Policía, control de accesos e aforo, así como responsabilizarse do cumprimento das disposicións legais vixentes en relación coa prevención da violencia e disporá dos medios precisos para cumprir coas medidas de seguridade necesarias nos espectáculos deportivos destas características. Neste sentido deberá obter por escrito por parte da entidade correspondente a pertinente autorización para poder utilizar a Unidade de Control Operativo (UCO) imprescindible para o seguimento do control da seguridade do Estadio, facéndose responsábel do material que constitúe a mencionada UCO.

7º.- A Federación Galega de Fútbol correrá cos gastos que se deriven dos posibles desperfectos que se poidan ocasionar con motivo da celebración do evento.

8º.- A Federación Galega de Fútbol, aínda que constituía un Comité Organizador ou delegue funcións noutras Entidades para a preparación e desenvolvemento do partido de fútbol entre a Selección Galega e a Selección de Camerún, será a única responsábel do cumprimento deste convenio a todos os niveis.

9º.- Será tamén responsabilidade da Federación Galega de Fútbol, como organizador, tomar as medidas oportunas conducentes a coordinar as necesidades de tráfico, preparación dos aledaños do Estadio de Balaídos e en xeral de todos os aspectos organizativos do evento.

10º.- O Concello de Vigo queda eximido de calquera tipo de responsabilidade en relación coa organización e desenvolvemento do encontro de fútbol obxecto deste convenio.

11º.- Serán por conta da Federación Galega de Fútbol todos os gastos que se deriven da preparación, organización e desenvolvemento dos mencionados partidos de fútbol así como, a limpeza xeral do Estadio posterior ao evento.

12º.- A Federación Galega de Fútbol como organizadora do evento comprométese a subscribir unha póliza de Responsabilidade Civil, en contía suficiente para dar cobertura ás responsabilidades que poidan xurdir fronte a terceiros así como, dos posibles desperfectos na instalación derivados da celebración dos encontros de fútbol.

13º.- A vixencia deste convenio será unicamente polos días especificados no punto 1º do mesmo.

14º.- En todo o non previsto no presente convenio estarase ao que dispoñan as partes de común acordo.

15º.- O concello de Vigo comprométese a transmitir ao actual xestor do Campo, o RC Celta de Vigo, todos os acordos tomados coa Federación Galega de Fútbol en relación ao uso e disposición dos espazos do Estadio de Balaídos.

40(2236).- BASES RECTORAS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 17885/220
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 19 de novembro de 2007, emitido pola xefa da Unidade de Persoal, coa conformidade da xefa da Área de

Réxime Interior e do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Declarar a urxencia na provisión con carácter interino dunha praza de técnico/ade administración xeral, encadrada no subgrupo A1 de titulación (antigo grupo A), escala de Administración xeral, subescala técnica superior, motivada nas necesidades do Servizo de Medio Ambiente, onde se encadra unha praza vacante e o correspondente posto de traballo con idéntica denominación.

Segundo.- Dar aprobación ás bases específicas rectoras do proceso selectivo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ANEXO

“BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER INTERINO DUNHA PRAZA VACANTE DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE (SUBGRUPO A1)”

I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de licenciado en Dereito, titulación esixida para o acceso á praza segundo o vixente Cadro de Persoal Orzamentario e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/05/2005 e publicada no BOP nº 108, do martes 7 de xuño do 2005.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte; o do apartado e) con xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido; o do apartado b) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico, ou certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica; os do apartado d) mediante declaración xurada ao efecto.

En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá acreditarse documentalmente tanto o grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia compulsada da certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou equivalente).

Os/as aspirantes deberán solicitar coa presentación da instancia a oportuna adaptación de tempos e medios

para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

II.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

III.-EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de 2 horas, un tema de carácter xeral, determinado polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio e relacionado co programa que se achega á convocatoria, aínda que non se ataña á epígrafe concreta del, tendo os aspirantes ampla liberdade en canto á súa forma de exposición se refire.

Neste exercicio avaliarase a formación xeral universitaria, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita, a achega persoal do aspirante e a súa capacidade de síntese.

Avaliaráse de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 3 horas, a catro temas extraídos ao azar mediante sorteo público entre os comprendidos no programa anexo á convocatoria, dous da primeira parte (dereito político, constitucional e administrativo xeral) e outros dous da segunda parte (dereito administrativo local, dereitos reais administrativos e acción administrativa).

Neste exercicio avaliarase o volume de coñecementos sobre os temas expostos.

Concluída a lectura da totalidade dos temas, o órgano de selección poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Terceiro exercicio.- Asimesmo obrigatorio e eliminatorio, desenvolverase por escrito, durante un período máximo de catro horas, e consistirá na redacción dun informe, con proposta de resolución, sobre dous supostos prácticos que propondrá o tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativos a tarefas administrativas propias das funcións asignadas á subescala.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais, coleccións de xurisprudencia e libros de consulta dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Neste exercicio avaliarase fundamentalmente a capacidade de raciocinio, a sistemática na presentación e formulación de conclusións e o coñecemento e axeitada interpretación da normativa aplicable.

Cuarto exercicio.- Obrigatorio, aínda que non eliminatorio consonte ás bases xerais vixentes no Concello de Vigo, consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, consistente na corrección ou tradución dun texto escrito en lingua galega, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Consellería de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

O órgano de selección poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a ao aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes a cada unha das probas realizadas.

IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

Será de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse a documentación á que se fai referencia na base I anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”).

V.- PUBLICIDADE

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Vigo, publicándose tamén no taboeiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que éstas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de catro días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso ao posto. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou técnico de administración xeral do Concello de Vigo, encadrado no grupo A de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no grupo A de titulación, escala administración xeral, que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os axtos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vocais:

-Un funcionario/a do corpo superior da Xunta de Galicia con título universitario de Licenciado en Dereito, que comparecerá en todo caso a título individual.

-Dous funcionarios/as do Concello de Vigo que dispoñan do título universitario de Licenciado universitario, propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes. Os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Os membros do órgano de selección e os asesores que se poidan designar por aquél e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

VII.- NOMEAMENTO

O/a aspirante proposto será nomeado funcionario interino/a, cesando automaticamente no momento no que se produza a incorporación da funcionaria titular da praza cuxa provisión se pretende, actualmente na situación administrativa de servizos especiais.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes á praza de traballo de técnico/a de administración xeral, encadrado no subgrupo A1, escala de administración xeral, subescala técnica superior, concretadas no posto de traballo de igual denominación (código 313.12) do vixente cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, vacante no Servizo de Medio Ambiente.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser hipotéticamente nomeados/as como persoal interino (para o caso de producirse novas vacantes) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades conxunturais.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento ou contratación cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

Dita lista terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas con carácter interino, ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público.

TEMARIO

BLOQUE I: DEREITO POLÍTICO, CONSTITUCIONAL E ADMINISTRATIVO XERAL

Tema 1. A Constitución: concepto. Caracteres da Constitución de 1978. Estrutura. A definición do Estado español como social, democrático e de dereito. Os valores superiores do ordenamento xurídico.

Tema 2. Título I da Constitución (I): dereitos fundamentais e liberdades públicas: contido esencial e principais leis de desenvolvemento. A súa consideración na xurisprudencia do Tribunal Constitucional. Sistemas de protección xurisdiccional.

Tema 3. Título I da Constitución (II). Dereitos e deberes dos cidadáns. Principios reitores da política social e económica.

Tema 4. A Constitución no sistema de fontes do dereito. Leis orgánicas e ordinarias. Os tratados internacionais. O principio de reserva de lei. Principios informadores das relacións entre o ordenamento estatal, autonómico e local.

Tema 5. A Coroa. As funcións constitucionais do xefe do Estado. O referendo.

Tema 6. O poder legislativo e a súa regulación. As Cortes Xerais. Control legislativo da acción do Goberno. O Tribunal de Contas. O Defensor do Pobo.

Tema 7. O poder xudicial e a súa regulación: o Consello Xeral do Poder Xudicial. Planta e organización dos xulgados e tribunais. O Tribunal Constitucional. O recurso de amparo.

Tema 8. O poder executivo e a súa regulación. Composición e funcións do Goberno da Nación. A súa relación

cos outros poderes.

Tema 9. *Organización e funcionamento da Administración xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.*

Tema 10. *A organización territorial do Estado na Constitución. As comunidades autónomas: organización e competencias. Os estatutos de autonomía.*

Tema 11. *O Estatuto de autonomía de Galicia: principios xerais e análise do seu contido.*

Tema 12. *O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo. O Tribunal de Contas de Galicia.*

Tema 13. *A Xunta de Galicia e o seu presidente.*

Tema 14. *A Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A administración periférica. A administración institucional e corporativa.*

Tema 15. *As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes: o Consello de Ministros, a Comisión e o Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.*

Tema 16. *O ordenamento xurídico comunitario: as súas fontes. Relación co dereito interno dos Estados. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de persoas, mercadorías, servizos e capitais.*

Tema 17. *Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público.*

Tema 18. *A lei. Concepto e caracteres. As leis estatais no sistema español. Normas do Goberno con forza de lei. Os tratados internacionais como normas de dereito interno.*

Tema 19. *As relacións entre o ordenamento estatal e os ordenamentos autonómicos. Definición e aplicación da lexislación de carácter básico e supletorio.*

Tema 20. *O regulamento: concepto e clases. Procedemento de elaboración. Límites da potestade regulamentaria. Principio de inderrogabilidade singular de regulamentos.*

Tema 21. *Principios da organización administrativa. Principios reitores das relacións entre as administracións. Os órganos colexiados. A abstención e recusación.*

Tema 22. *O acto administrativo: concepto e clases. Requisitos: competencia, contido, motivación e forma. Eficacia dos actos administrativos. Obriga de resolver e silencio administrativo.*

Tema 23. *Nulidade e anulabilidade dos actos administrativos. A revisión de oficio e a declaración de lesividade.*

Tema 24. *Os recursos administrativos. Reclamacións previas á vía xudicial. A execución dos actos administrativos: motivos da súa suspensión.*

Tema 25. *O procedemento administrativo común: principios xerais e competencia. Os interesados: dereitos e obrigas.*

Tema 26. *Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e finalización.*

Tema 27. *A xurisdición contencioso-administrativa. Extensión e límites. As partes no proceso. Procedemento xeral e referencia aos procedementos especiais.*

Tema 28. *As sentenzas e a súa execución. Recursos contra as sentenzas.*

Tema 29. *A contratación administrativa. Negocios e contratos excluídos da Lei de contratos das administracións públicas. Diferenzas cos contratos de carácter privado.*

Tema 30. *Clases de contratos administrativos e o seu réxime xurídico. Contratos administrativos especiais.*

Tema 31. *Requisitos dos contratos. Capacidade e solvencia. Clasificación e rexistro de contratistas.*

Tema 32. *O expediente de contratación. Os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.*

Tema 33. *Procedementos e formas de adxudicación dos contratos administrativos.*

Tema 34. *As garantías no contrato administrativo. Execución do contrato. Risco e ventura. Recepción do obxecto do contrato.*

- Tema 35. *Dereitos e deberes da administración e dos contratistas. Modificación dos contratos. Revisión de prezos. Interpretación e resolución contractual. A impugnación dos contratos públicos: xurisdición competente.*
- Tema 36. *Aspectos xerais sobre as formas de acción administrativa.*
- Tema 37. *O fomento e os seus medios.*
- Tema 38. *A policía administrativa. O poder de policía e os seus límites. Os medios: licenza, autorización e sanción.*
- Tema 39. *O servizo público. Servizo público e prestacións administrativas. Análise xeral dos modos de xestión dos servizos públicos.*
- Tema 40. *A xestión directa dos servizos públicos. Modos de xestión.*
- Tema 41. *A xestión indirecta dos servizos públicos. Modos de xestión.*
- Tema 42. *A expropiación forzosa: a potestade expropiatoria. Suceso, obxecto e causa. O procedemento expropiatorio. Expropiacións especiais e garantías xurisdiccionais.*
- Tema 43. *O dominio público. Concepto e natureza. Bens que o integran. O réxime xurídico do dominio público. As mutacións demaniais.*
- Tema 44. *Uso e utilización do dominio público. Estudo especial da concesión e da reserva demanial.*
- Tema 45. *A responsabilidade da Administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.*

BLOQUE II: DEREITO ADMINISTRATIVO LOCAL E ACCIÓN ADMINISTRATIVA.

- Tema 1. *O réxime local español: principios constitucionais e regulación xurídica.*
- Tema 2. *Os entes locais de Galicia: natureza e características.*
- Tema 3. *O municipio. Os réximes municipais especiais de Galicia. O territorio. A poboación. O Estatuto do veciño. O empadramento.*
- Tema 4. *A organización municipal. Distribución de competencias. Referencia ao réxime dos municipios de grande poboación.*
- Tema 5. *Réxime de funcionamento dos órganos colexiados das corporacións locais.*
- Tema 6. *Competencias municipais e servizos obrigatorios nas corporacións locais. Actividades complementarias doutras administracións públicas.*
- Tema 7. *Impugnación de actos e acordos das entidades locais e exercizo de accións.*
- Tema 8. *A provincia no réxime local: especial consideración das súas competencias en relación cos pequenos municipios na Lei de administración local de Galicia.*
- Tema 9. *Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.*
- Tema 10. *Transferencia e delegación de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia nas entidades locais. A encomenda de xestión.*
- Tema 11. *Relacións entre as administracións públicas galegas: colaboración, cooperación e auxilio. A Comisión Galega de Cooperación Local. A coordinación.*
- Tema 12. *O estatuto dos membros das corporacións locais. Incompatibilidades.*
- Tema 13. *O persoal ao servizo das entidades locais. A función pública local e a súa organización. Normas sobre provisión de postos de traballo.*
- Tema 14. *Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.*
- Tema 15. *Réxime disciplinario dos funcionarios de Administración local. Incompatibilidades e responsabilidades.*

- Tema 16. *Delitos contra a Administración pública.*
- Tema 17. *A información e participación cidadá.*
- Tema 18. *Os bens das entidades locais. Réxime de utilización e inventario municipal de bens.*
- Tema 19. *Medios de intervención das corporacións locais na actividade dos seus cidadáns.*
- Tema 20. *Os servizos públicos locais. Modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.*
- Tema 21. *Os contratos das administracións locais: empresas municipais. Consorcios. Formas de contratación, resolución, rescisión e denuncia.*
- Tema 22. *A Lei xeral tributaria: principios e contido.*
- Tema 23. *A Lei xeral orzamentaria: principios e contido.*
- Tema 24. *As facendas locais. As ordenanzas fiscais.*
- Tema 25. *A función recadadora nas facendas locais.*
- Tema 26. *As contribucións especiais, as taxas e os prezos públicos. A imposición local autónoma.*
- Tema 27. *Réxime xurídico do gasto público local.*
- Tema 28. *Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.*
- Tema 29. *Os dereitos e garantías dos contribuíntes fronte á facenda pública.*
- Tema 30. *A función inspectora nas corporacións locais.*
- Tema 31. *A lexislación de augas: obxecto e fins. Distribución de competencias.*
- Tema 32. *A lexislación de costas: obxecto e fins. Distribución de competencias.*
- Tema 33. *A lexislación de portos: obxecto e fins. Distribución de competencias.*
- Tema 34. *A lexislación de montes: obxecto e fins. Distribución de competencias. Especial consideración sobre a normativa de montes en man común.*
- Tema 35. *A lexislación de obras públicas: obxecto e fins. Distribución de competencias.*
- Tema 36. *A lexislación de estradas: obxecto e fins. Distribución de competencias.*
- Tema 37. *A lexislación urbanística estatal. A lexislación autonómica: especial referencia á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.*
- Tema 38. *Réxime de valoracións. Expropiación e venda forzosa. Supostos expropiatorios. Determinación do prezo xusto.*
- Tema 39. *O planeamento urbanístico e a súa regulación. Distribución de competencias entre as administracións. Especial referencia ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.*
- Tema 40. *Execución dos plans de ordenación. Sistemas. O patrimonio municipal do solo.*
- Tema 41. *A disciplina urbanística e a súa regulación. Intervención da edificación e uso do solo. Concorrenza de competencias con outras administracións.*
- Tema 42. *A lexislación medioambiental: obxecto e fins. Distribución de competencias entre as administracións.*
- Tema 43. *A lexislación en materia de educación: obxecto e fins. Distribución de competencias entre as administracións.*
- Tema 44. *A lexislación sobre patrimonio histórico: obxecto e fins. Distribución de competencias entre as administracións.*
- Tema 45. *A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. O Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención.*

41(2237).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE OBRAS DE ARTE DO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN2. EXPTE. 2777/337.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de

referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe proposta de data 14 de decembro de 2007, emitido polo director do Museo Quiñones de León, coa conformidade da concelleira delegada de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar o préstamo temporal das obras: ARA (Facho de Donón). Nº inv. 2165 e a escultura de [Francisco Vazquez Díaz] Compostela, *Mariñeiros*, nº inv. 1054; pertencentes ás colección de arqueoloxía e arte galega do museo; á entidade Museo do Mar de Galicia, para a súa exposición inaugural a celebrar o 21 de decembro de 2007 na sede da citada entidade en Vigo.

O período de préstamo é de seis meses pasados os cales a entidade poderá solicitar unha prorroga de préstamo pola totalidade do tempo solicitado que será sometida á consideración do padroado do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.”

42(2238).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove hora e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.